

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 27 de XULLO de 2012**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de xullo de 2012, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **\*Declaración institucional**

#### **Actas**

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 6/12, do 29 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 10.101 á nº 11.600, de 2012.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria de agosto de 2012.

#### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

4.-Aprobar e formalizar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para o financiamento da realización das obras de:

- a. Actuacións de minimización de afección das avenidas do Rego dos Pasos en Bertamiráns.
- b. Pavimentación interior en Lapido, 2ª fase.
- c. Proxecto de obras de reparación de firme asfáltico e pintado da travesía do Porto no Milladoiro-Ames.
- d. Proxecto de obras de acondicionamento da rúa Seidón no Milladoiro.
- e. Obras de canalización de pluviais e mellora da seguridade viaria no lugar de Ventín na parroquia de Biduído.
- f. Obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar de Biduído de Arriba.
- g. Obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar do Milladoiro.

5.-Aprobar e formalizar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e ao Concello de Cerdido para financiar a adquisición de terreos e posterior construción dunha nave na parroquia dos Casás.

6.-Aprobar e formalizar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para o financiamento da realización das obras de acondicionamento da biblioteca municipal do Milladoiro, local 2.

## **Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

7.-Aprobar o convenio coa Universidade da Coruña para financiar unhas xornadas sobre política social-europea.

8.-Aprobar o convenio coa entidade Fundación Paideia para actividades de voluntariado europeo.

9.-Aprobar o convenio coa entidade ADCOR para financiar as obras de construción dun centro residencial para persoas con diversidade funcional nos Rosales- A Coruña.

10.-Aprobar o convenio coa entidade “*Arte Contemporáneo y Energía*” titular do Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa (MACUF) para un programa de actividades de participación sociocultural de persoas con diversidade funcional e elaboración dun catálogo e caderno didáctico.

11.-Aprobar o convenio co Concello da Coruña para o proxecto “Concilia os Teus Tempos”, servizo de canguraxe municipal.

12.-Aprobar o convenio co Concello de Culleredo para mantemento e reserva de prazas no centro ocupacional municipal A ESCADA.

13.-Concesión de subvención e aprobación dun convenio coa entidade Paideia para cofinanciamento dunha xornada sobre o ciclo de Ética: dependencia e autonomía persoal.

14.-Concesión de subvención e aprobación dun convenio coa entidade Paideia para o programa transnacional “La Ida”.

## **Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade**

15.-Aprobar o convenio co Concello de Ferrol para financiar o Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol”.

16.-Aprobar o convenio co Concello de Muros para financiar o programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2012.

17.-Aprobar o convenio coa *Fundación Centro Internacional de la Estampa Contemporánea* para financiar o programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2012.

18.-Aprobar o convenio coa *Fundación Museo de Artes del grabado a la estampa digital* para financiar o programa de actividades do ano 2012.

19.-Aprobar o convenio coa Fundación Luís Tilve para financiar o proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.X.T. e dos movementos sociais de Galicia, VIII fase.

20.-Aprobar o convenio co Concello da Coruña, para financiar o programa de actividades culturais 2012.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

21.-Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2012, 2ª fase, integrado polo proxecto de mellora de capa de rodadura na DP 5813 Oleiros a Sada. Código 12.1100.0032.0.

22.-Aprobar o proxecto modificado nº 1 do de ensanche, mellora de trazado e afirmado da DP 4603 de Melide a Ribadulla.

23.-Aprobar o proxecto modificado nº 2 do de ampliación e mellora do trazado da DP 0106 de Ameás a Oza dos Ríos, tramo PK 8+600 a PK 14+700 (Oza dos Ríos).

24.-Ratificación da solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras: Mellora da seguridade viaria na DP 7401 Urdilde a Antequera entre os PK 0+000 a 0+320 senda peonil de Urdilde (cód. proxecto gastos 2010.3.82.001) (Código do proxecto 0911300008.0) (Rois).

25.-Aprobar o proxecto modificado nº 2 da obra de ampliación e mellora de trazado da DP 1909 Carballo a Caión e acceso á Lagoa do PK 12+000 ao PK 15+630.

26.-Aprobación do proxecto da obra complementario do proxecto de pavimentación con M.A.C. en DP 5004 Casal de Arriba á Feira do Tres, PK 5+340 a 9+460 (Plan de conservación de vías e obras provinciais 2012, 3ª fase).

### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

27.-Aprobar as bases reguladoras do Plan especial para o financiamento extraordinario de obras e servizos municipais (PEFO) 2012 (DTC...Unha Deputación para todos os Concellos).

28.-Aprobar o proxecto modificado da obra “Pavimentación de rúas nas parroquias de Aranga e Fervenzas” do Concello de Aranga, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012. Código:12.2100.0008.0.

29.-Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora na rede de abastecemento municipal nas parroquias de Muniferral e Vilarraso” do Concello de Aranga, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) co código 12.2100.0009.0.

30.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Praza pública en Sofán” do Concello de Carballo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011. Código: 11.2100.0045.0.

31.-Proposta da Presidencia: informe da Deputación sobre modificación dos estatutos da Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol.

### **Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo**

32.-Aprobar o convenio co Concello de Corcubión para financiar o equipamento e construción da nave de Protección Civil.

33.-Aprobar e modificar os coeficientes da achega relativa aos proxectos “Reposición de peches e accesos afectados pola urbanización das Lagoas” e “Urbanización plataforma “C” e entroque “H”-“P” do polígono das Lagoas.

34.-Aprobar a 2ª fase da anualidade 2012 do Programa de modernización dos mercados locais.

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

35.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Fundación “Entreculturas Fe y Alegría”, para financiar o proxecto “Garantir o acceso a unha educación primaria de calidade para a poboación retornada e as comunidades reintegradas en zonas de acollida, no leste do Chad”.

36.-Aceptar a delegación de competencias en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello de Miño por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

37.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Cabanas en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

38.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Mazaricos en materia de xestión, inspección e recadación da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local.

39.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Miño en materia da recadación voluntaria e executiva das sancións de tráfico.

40.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Santiso en materia de recadación voluntaria e executiva da taxa pola recollida de lixo.

41.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Teo en relación coa facultade de establecer acordos e convenios coa administración tributaria do estado en materia de colaboración e inspección en relación co IBI.

42.-Toma de coñecemento do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao segundo trimestre de 2012, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2012).

43.-Toma de coñecemento do informe da fiscalización a posteriori dos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2011.

44.-Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento 2011.

45.-Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 4.

46.-Modificar a Base 47 das de execución do orzamento 2012.

47.-Modificar a Base 49 das de execución do orzamento 2012.

48.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación AMBAR das Persoas con Diversidade Funcional, para o financiamento das obras de construción e equipamento para o taller ocupacional 2 e área de servizos comúns no centro de recursos do Barbanza para persoas con diversidade funcional.

ACTUACION DE CONTROL

MOCIÓNS:

-Moción do Bloque Nacionalista Galego contra as medidas económicas e reforma do réxime local do goberno do PP.

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE XULLO DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de xullo de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE

DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY	PP
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Antes de empezar cos puntos ordinarios da orde do día, imos dar lectura a unha declaración que foi acordada polo tres grupos políticos.

Sr. Secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

A DEPUTACIÓN DA CORUÑA RECLAMA QUE O GOBERNO NEGOCIE COA COMUNIDADE AUTÓNOMA, COA PARTICIPACIÓN DA FEGAMP E DA FEMP, A REFORMA DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL

A Cámara provincial pide, por unanimidade, debater o informe do Ministerio de Facenda que pretende modificar a Lei de bases de réxime local

A Cámara provincial demanda ao Goberno que abra unha negociación coas comunidades autónomas, en colaboración coas federacións da FEGAMP e a FEMP, onde están representadas todas as entidades municipais e provinciais, á hora de emprender a anunciada reforma da Lei de bases de réxime local.

Dende a Deputación da Coruña pedimos que se teñan en conta as reivindicacións e propostas que se expoñan co fin de respectar a autonomía dos municipios e afrontar os verdadeiros problemas do mundo local.

O texto, apoiado polo tres grupos políticos, pide tamén que nas medidas propostas polo informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, non se invadan as competencias propias de Galicia, xa que consideramos que o anteproxecto de lei para a reforma do mapa municipal non soluciona a falta de financiamento que sofren os concellos galegos, atacan a autonomía municipal e non realizan unha clarificación das competencias municipais.

A Deputación da Coruña lembra que o art. 27.2 do Estatuto de Autonomía faculta a Galicia para xestionar e ordenar a administración local.

Ademais, o informe do Goberno non respecta o art. 140 da Constitución, no que se consagra a autonomía municipal, principio reforzado pola Carta Europea de Administración Local, ratificada por España en 1988.

A cámara provincial entende que existe unha realidade galega específica que non é recoñecida no informe do Ministerio, pola que o sobrecusto dos servizos non está vinculado exclusivamente á poboación, senón á dispersión no territorio da cidadanía.

No capítulo de fixación de retribucións para cargos electos municipais, a Deputación reclama que se fixe unha táboa retributiva con baremos que teñan en conta poboación e orzamento.

Así mesmo, apoiamos que se instauren os principios de transparencia e publicidade e apostamos pola colaboración entre Administracións para acadar unha maior eficacia, eliminar duplicidades, racionalizar o seu funcionamento e ofrecer os mellores servizos aos cidadáns.

Por todo, dende a institución provincial reiteramos a necesidade de que o Goberno dialogue coas entidades autónomas, municipais e provinciais para facer a reforma da Lei de bases de réxime local.

### **1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 6/12, DO 29 DE XUÑO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 6/12, do 29 de xuño.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 10.101 Á Nº 11.600, DE 2012.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 10.101 á nº 11.600, de 2012.

### **3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE AGOSTO DE 2012.**

Sr. Presidente

Se lles parece, como non foi un tema tratado en comisión, en primeiro lugar votamos a ratificación da inclusión na orde do día e a segunda votación para a proposta en concreto.

Ratifícase por unanimidade a inclusión na orde do día e apróbase tamén por unanimidade a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 31 de agosto.

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa a inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

**“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao oitavo mes de 2012 celebrarase o día 14 de setembro, venres, a partir das doce horas”.**

#### **4.-APROBAR E FORMALIZAR O TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE:**

- h. ACTUACIÓNS DE MINIMIZACIÓN DE AFECCIÓN DAS AVENIDAS DO REGO DOS PASOS EN BERTAMIRÁNS.**
- i. PAVIMENTACIÓN INTERIOR EN LAPIDO, 2ª FASE.**
- j. PROXECTO DE OBRAS DE REPARACIÓN DE FIRME ASFÁLTICO E PINTADO DA TRAVESÍA DO PORTO NO MILLADOIRO-AMES.**
- k. PROXECTO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA RÚA SEIDÓN NO MILLADOIRO.**
- l. OBRAS DE CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DE VENTÍN NA PARROQUIA DE BIDUÍDO.**
- m. OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DE BIDUÍDO DE ARRIBA.**
- n. OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DO MILLADOIRO.**

## INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, brevemente para expresar simplemente a nosa abstención neste punto.

## VOTACION

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 8 deputados (PSOE)

## ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames con CIF:P1500200I para as obras de: actuacións de minimización de afección das Avenidas do Rego dos Pasos en Bertamiráns\_ pavimentación interior en Lapidio 2ª fase\_ proxecto de obras de reparación de firme asfáltico e pintado a travesía do porto no Milladoiro- Ames\_ proxecto de obras de pavimentación e reparación de camiños no Concello de Ames e acondicionamento da rúa Seidón no Milladoiro \_ construción de canalizacións de pluviais e mellora da seguridade viaria no lugar de Ventín na parroquia de Biduído, -obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar do Milladoiro (Ames, -obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar de Biduído de Arriba (Ames) cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 271.050,15 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 79,20% con respecto a un orzamento de 342.235,04€ que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/76201.

A formalización do presente convenio queda condicionada ao establecido no informe de Intervención do 17 de xullo de 2012.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DAS OBRAS DE:

- ACTUACIONES DE MINIMIZACIÓN DE AFECCIÓN DAS AVENIDAS DO REGO DOS PASOS EN BERTAMIRÁNS,
- PAVIMENTACIÓN INTERIOR EN LAPIDIO 2ª FASE,
- PROXECTO DE OBRAS DE REPARACIÓN DE FIRME ASFÁLTICO E PINTADO DA TRAVESÍA DO PORTO NO MILLADOIRO- AMES,

- PROXECTO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA RÚA SEIDON NO MILLADOIRO,
- OBRAS DE CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DE VENTÍN, PARROQUIA DE BIDUÍDO,
- OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIONS DE SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DE BIDUÍDO DE ARRIBA ,
- OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIONS DE SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DO MILLADOIRO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr SANTIAGO V. AMOR BARREIRO alcalde -presidente do Concello de Ames.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

1-O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames con CIF P-1500200-I, para o financiamento da obra de ACTUACIÓN DE MINIMIZACIÓN DE AFECCIÓN DAS AVENIDAS DO REGO DOS PASOS EN BERTAMIRÁNS \_tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DON/DONA MIGUEL SALGADO MOSQUERA enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos colexiado/a N°26.584 PAVIMENTACIÓN INTERIOR EN LAPIDO 2ª FASE \_ tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DON JULIO C.ROJO MARTÍNEZ enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos colexiado/a N°3.871 PROXECTO DE OBRAS DE REPARACIÓN DE FIRME ASFÁLTICO E PINTADO DA TRAVESÍA DO PORTO NO MILLADOIRO- AMES \_tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DONA MARÍA GAMUNDI FERNÁNDEZ arquitecta técnica PROXECTO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA RÚA SEIDON NO MILLADOIRO \_ tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DONA MARÍA GAMUNDI FERNÁNDEZ arquitecta técnica OBRAS DE CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DE VENTÍN, PARROQUIA DE BIDUIDO tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DONA MARÍA GAMUNDI FERNÁNDEZ arquitecta técnica OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIONS DE SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DE BIDUÍDO DE ARRIBA como aparece definida esta no proxecto técnico de execución

redactado por DONA MARÍA GAMUNDI FERNÁNDEZ arquitecta técnica OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIONS DE SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DO MILLADOIRO como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DONA MARÍA GAMUNDI FERNÁNDEZ arquitecta técnica

2- O concello de Ames, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Ames comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata das obras ascende a cantidade de 342.235,04 €, segundo os proxectos técnicos aos que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

<b>ACTUACIÓNS DE MINIMIZACIÓN DE AFECCIÓN DAS AVENIDAS DO REGO DOS PASOS EN BERTAMIRÁNS</b>	
P.E.M:	17.518,59
GASTOS XERAIS	2.277,42
BENEFICIO INDUSTRIAL	1.051,12
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	3.752,48
<b>PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	<b>24.599,61</b>
<b>PAVIMENTACIÓN INTERIOR EN LAPIDO 2ª FASE</b>	
P. E.M:	56411,03
GASTOS XERAIS	7.333,43
BENEFICIO INDUSTRIAL	3.384,66
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	12.083,24
<b>PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	<b>79.212,36</b>
<b>PROXECTO DE OBRAS DE REPARACIÓN DE FIRME ASFÁLTICO E PINTADO DA TRAVESÍA DO PORTO EN MILLADOIRO- AMES</b>	
P. E.M:	48.379,06
GASTOS XERAIS	6.289,28
BENEFICIO INDUSTRIAL	2.902,74
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	10.362,79
<b>PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	<b>67.933,87</b>
<b>PROXECTO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA RÚA SEIDON NO MILLADOIRO</b>	
P. E.M:	23.279,50
GASTOS XERAIS	3.026,34

BENEFICIO INDUSTRIAL	1.396,77
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	4.986,47
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	<b>32.689,08</b>

**OBRAS DE CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DE VENTÍN, PARROQUIA DE BIDUIDO**

P. E.M:	19.529,32
GASTOS XERAIS	2.538,81
BENEFICIO INDUSTRIAL	1.171,76
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	4.183,18
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	<b>27.423,07</b>

**OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIIONS DE SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DE BIDUIDO DE ARRIBA**

P. E.M:	38.253,23
GASTOS XERAIS	4.972,92
BENEFICIO INDUSTRIAL	2.295,19
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	8.193,84
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	<b>53.715,18</b>

**OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIIONS DE SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DO MILLADOIRO**

P. E.M:	40.351,71
GASTOS XERAIS	5.245,72
BENEFICIO INDUSTRIAL	2.421,10
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	8.643,34
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	<b>56.661,87</b>

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 271.050,15 €, o que representa unha porcentaxe do 79,20 % A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos ( propios ou alleos) creditando a Concello de Ames que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustifico non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,20% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de Ames que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Concello de Ames obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Ames o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Ames axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Ames tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegará xunto con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Ames estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello de Ames pola contía resultante de

aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Concello de Ames, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Ames deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Ames deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Ames destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmete mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ames poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Concello de Ames queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D.887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 DEL. se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 DEL.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 DEL. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 DEL. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 DEL.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do presente ano.

2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada ata a dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Ames, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ de data

\_\_\_\_\_ de data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE AMES

DIEGO CALVO POUSO

SANTIAGO V. AMOR BARREIRO

**5.-APROBAR E FORMALIZAR O TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AO CONCELLO DE CERDIDO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE TERREOS E POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE NA PARROQUIA DOS CASÁS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización do texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de CERDIDO con CIF P- 1502500- J para financiar as obras incluídas no proxecto para a adquisición de terreos e construción dunha nave na parroquia dos Casás cun orzamento de 105.000,00 euros e cunha achega provincial de 105.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100,00 %) con cargo á partida 0202/169A/76201 RC núm. de operación 220120012129 do once de maio de 2012 (nº de referencia 22012004076).”

Número /2012

MODIFICACION DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERDIDO PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE TERREOS E CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE NA PARROQUIA DOS CASÁS.

A Coruña, XXXXXXXXXXXX na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte, a Sra. Ana Rodríguez Fernández, alcaldesa -presidenta do Concello de Cerdido.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cerdido. ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerdido con CIF P-1502500J, para o financiamento da obra de “adquisición de terreos e construción de nave na parroquia dos Casás, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Don Alfredo Varela Nogueira, arquitecto Colexiado Nº 2140 do C.O.A.G.

2- O Concello de Cerdido, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa da obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Cerdido, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	65.318,64 euros
GASTOS XERAIS	8.491,42 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL	3.919,12 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	13.991,25 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	91.720,43 euros

Gastos adquisición terreos \_\_\_\_\_ 13.279,57 euros

Total gastos do convenio \_\_\_\_\_ 105.000,00 euros

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 105.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 100,00 %.
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/169A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Cerdido o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Cerdido axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que o Concello de Cerdido tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Cerdido estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

*(Se o importe da subvención non supera os 30.000 euros abondará con que se faga constar o financiamento provincial na documentación administrativa do expediente e na publicidade que se acorde facer da obra)*

*( E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).*

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- a. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicatária, importe do contrato e prazo de execución
- a. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- a. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- a. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- a. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- b. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- c. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- d. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

- f. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- g. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cerdido na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Cerdido terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

4. Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

#### VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Cerdido deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Cerdido deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes

certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Cerdido destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cerdido poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cerdido queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 <sup>DEL.</sup>

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 <sup>DEL.</sup> E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 <sup>DEL.</sup>

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cerdido serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día da sinatura do anterior convenio ao que substitúe o número 357/2010, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 10 de novembro do 2012.

2. Para o caso de que o Concello de Cerdido non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo

inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Cerdido perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes previos da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Cerdido, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_do

\_\_\_\_\_do  
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO  
CONCELLO DE CERDIDO

DIEGO CALVO POUSO

ANA RODRIGUEZ FERNÁNDEZ

**6.-APROBAR E FORMALIZAR O TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DO MILLADOIRO, LOCAL 2.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames con CIF:P1500200I para financiar a obra de acondicionamento de biblioteca municipal do Milladoiro -local 2, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 110.693,02 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 79,20% con respecto a un orzamento de 139.763,92 € que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/76201.

A formalización do citado convenio queda condicionado ao establecido polo Servizo de Fiscalización no seu informe do 23/07/2012.”

Número /2012

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL DO MILLADOIRO LOCAL 2**

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o.Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso.

E doutra parte, o Sr. alcalde-presidente do Concello de Ames , D.Santiago V. Amor Barreiro.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1-O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames con CIF P-1500200-I, para o financiamento das OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL DO MILLADOIRO LOCAL 2 como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DONA MARGARITA IGLESIAS SANTOMÉ arquitecta técnica.

2- O concello de Ames, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa

dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Ames, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata das obras ascende á cantidade de 139.763,92 €, segundo os proxectos técnicos aos que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

<b>OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MILLADOIRO LOCAL 2</b>	
P. E.M:	99.532,77
GASTOS XERAIS	12.939,26
BENEFICIO INDUSTRIAL	5.971,97
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	21.319,92
<b>PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	<b>139.763,92</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 110.693,02 € o que representa unha porcentaxe do 79,20%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos ( propios ou alleos) creditando o Concello de Ames que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,20% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle a Concello de Ames que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ames obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Ames o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Ames axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Ames tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Ames estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello de Ames pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Ames, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Ames deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Ames deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Ames destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ames poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ames queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € e o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 <sup>DEL.</sup>

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 <sup>DEL.</sup> E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuros legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do presente ano.

2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Ames, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE AMES

DIEGO CALVO POUSO

SANTIAGO V. AMOR BARREIRO

#### **7.-APROBAR O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR UNHAS XORNADAS SOBRE POLÍTICA SOCIAL-EUROPEA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tendo en conta que segundo informa a Intervención na data da proposta a entidade non está ao día nas obrigas coa Deputación, de conformidade co art. 34,5 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas, se ben, considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, procede, en exercicio das atribucións do art. 217.1 do TRLFL, aprobado por Decreto legislativo 2/2004, do 5 marzo, resolver o reparo e aprobar a concesión da presente subvención.

Aprobar a formalización da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (CIF Q-6550005J) con enderezo no Paseo da Maestranza, s/n, A Coruña, para financiar a realización do III Curso de verán 2011, sobre “Política Social Europea e Inclusión social: os valores en tempo de crise”, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 15.000,00 euros, que supón o 43,28% do presuposto subvencionado, e que se aboarán de conformidade coa cláusula VI e VII do texto do convenio, con cargo á aplicación presupostaria 0701/231F/453.90, documento contable RC do 7/05/12, núm. de referencia da operación 220120011190, crédito incorporado no EMC 1/12 no vixente orzamento.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO CURSO DE VERÁN “POLÍTICA SOCIAL EUROPEA E INCLUSIÓN SOCIAL: OS VALORES EN TEMPOS DE CRISE”.

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

## Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Excmo. Sr. Xosé Luís Armesto Barbeito, reitor magnífico da Universidade da Coruña, no seu nome e representación e en uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1 F) dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG número 100 do 26 de maio) que lle outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Universidade da Coruña ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.-OBJECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña CIF Q-6550005J para o financiamento da 3ª edición do Curso de Verán sobre “Política social europea e inclusión social: os valores en tempos de crise” que terá lugar do 26 ao 29 de xullo de 2011, na casa da cultura Pintor Llorens (Sada-A Coruña), e no que se reservará a Deputación o dereito a empregar os resultados dos relatorios que se entreguen as persoas participantes, no caso de futuras actuacións que puideran levarse a cabo nos servizos sociais provinciais, o que se lles advertirá ás persoas que participen nos relatorios.

### II.-ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A UNIVERSIDADE DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO DO GASTO	IMPORTE
Honorarios, profesorado, conferenciantes e relatores das mesas redondas	9.100,00 euros
Protocolo	1.820,00 euros
Dirección académica e Secretaría	300,00 euros
Desprazamentos, aloxamento e manutención do profesorado, conferenciantes, relatores e actividades de obradoiro educativas	9.904,00 euros
Azafatas e persoal auxiliar de apoio nas xornadas	980,00 euros
Servizo de tradución de lingua de signos	1.884,00 euros

Elaboración e deseño páxina web	680,00 euros
Deseño gráfico	650,00 euros
Aluguer material electrónico e informático de apoio	2.820,00 euros
Fotocopias, material didáctico	300,00 euros
Difusión: envíos postais, medios de comunicación, posters, fotografía, imprenta, etc.	2.000,00 euros
Monólogo xénero e inclusión	950,00 euros
Obradoiro composición escénica inclusiva	1.200,00 euros
Obradoiro expresión teatral	870,00 euros
Obradoiro musical grupo folk	1.200,00 euros
TOTAIS	34.658,00 euros

### **III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 43,28%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 43,28% da cantidade efectivamente xustificada.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231F/453.90, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.Corresponderalle á UNIVERSIDADE DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

### **V.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

## **VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á UNIVERSIDADE DA CORUÑA unha vez que se presente a seguinte documentación (en orixinal ou fotocopia compulsada)

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da UNIVERSIDADE DA CORUÑA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación da relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF/CIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datos de pagamento. Tamén indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. As datas das facturas deberán estar comprendidas entre o 1 de xullo de 2011 e o 31 de decembro de 2011.

3.-Certificación expedida por quen corresponda, co visto e prace do representante legal, na que conste que os importes dos pagamentos ocasionados pola actividade subvencionada figuran na contabilidade da entidade conforme á lexislación de aplicación.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.-TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas no 31 de decembro de 2011.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á UNIVERSIDADE DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UNIVERSIDADE DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.A UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio,e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.A UNIVERSIDADE DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.-CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de

fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 pro 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UNIVERSIDADE DA CORUÑA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UNIVERSIDADE DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o 1 de xullo de 2011 e conservará a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2012.

2.Logo da solicitude previa da UNIVERSIDADE DA CORUÑA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causas debidamente xustificadas, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.-NATUREZA, INTEPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da UNIVERSIDADE DA CORUÑA, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

Xosé Luís Armesto Barbeito



CONCEPTO	TIPO DE GASTO	PERCEPTOR	SUBTOTAL
ENVÍOS DE VOLUNTARIOS/AS A PAÍSES EUROPEOS E SUDAMERICANOS	Aloxamento, manutención, diñeiro de peto, formación lingüística, seguros, billetes	Institución de acollida, empresas de seguros, axencias de viaxes, recibo de voluntariado	37.500 €
AVALIACIÓN, VALORACIÓN, ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E SEGUIMIENTO DOS/AS VOLUNTARIOS/AS	Gastos persoal	Fundación Paideia Galiza	48.224,15€
GASTOS XERAIS	Material oficina, publicidade, etc.	Provedores de servizo	3.375,85€
TOTAL GASTOS			89.100,00€

### III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.-A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 27.000,00 € o que representa unha porcentaxe de 30,30%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 30,30% da cantidade efectivamente xustificada.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/232B/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paidia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

## **V.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

## **VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Comprenderá entre outros puntos, a relación total de solicitantes dos proxectos, os concellos de procedencia, a relación dos beneficiarios das axudas, o cumprimento dos requisitos de participación e a indicación dos proxectos nos que participaron así como o seguimento dos proxectos levados a cabo polos participantes.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. As datas dos documentos xustificativos deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2011 e ata dous meses antes do vencemento do período de vixencia. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusulas QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.-TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas antes do 31 de decembro de 2011.

2.Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.-ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBOS**

1.A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento

en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma e Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2011 e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2012.

2.Logo da solicitude previa da Fundación Paideia Galiza, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número con data do dous mil novembro

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN  
PAIDEIA GALIZA

Diego Calvo Pouso

**9.-APROBAR O CONVENIO COA ENTIDADE ADCOR PARA FINANCIAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL NOS ROSALES- A CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización da subvención e o texto de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade ADCOR (adultos discapacitados da Coruña), CIF G- 15546484 e sede na Carretera de los Fuertes, Monte de San Pedro, 14, 15011 A Coruña, para o financiamento das obras iniciadas no 2010, da 2ª fase e remate da construción dun centro residencial para persoas con diversidade funcional nos Rosales, A Coruña, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 100.000,00 euros, que supón o 17,00% do orzamento subvencionado que ascende a 588.380,16 euros, e que se aboará de conformidade coa cláusula VI e VII do texto do convenio, con cargo á aplicación presupostaria 0701/231E/781, documento contable RC núm. de operación 220110000180 do 15/02/12 (nº de referencia da operación 22011000699) do orzamento vixente.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E FUNDACIÓN ADCOR PARA O FINANCIAMENTO DA II FASE DE REMATE DA OBRA DO CENTRO RESIDENCIAL NA CORUÑA

A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D..... presidente da Fundación Adcor.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

A Deputación Provincial da Coruña, é competente para levar a cabo este convenio, conforme á Lei de bases de réxime local 7/85, art. 35, e a Lei 5/97 de administración local de Galicia, arts. 109 e 118.

Na Lei de servizos sociais 13/2008, art. 63, establécese que lles corresponde ás deputacións proporcionar asistencia aos concellos na execución das súas competencias, entre as que están os programas de atención á discapacidade que responden de forma estable a situación carenciais do colectivo aos que van dirixidos, sendo así que o Concello da Coruña cedeu a parcela para a edificación prevista.

A Fundación Adcor ten entre os seus obxectivos, a promoción e xestión de servizos de asistencia social para persoas adultas discapacitadas, e a promoción de actividades que xeren emprego para discapacitados.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade Fundación ADCOR ambas as dúas partes

#### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Adcor, G15 546 484, para o financiamento da II FASE E REMATE das obras dun edificio para residencia de discapacitados no polígono dos Rosales, A Coruña, tal como aparece definida no proxecto (básico e de execución), redactado polos arquitectos, Luis Antonio Chao Gómez e Pablo Chao Amaro, que foi visado polo Colexio de Arquitectos de Galicia, o 14 de abril de 2008. A execución da obra foi contratada por un importe total de 3.033.000,00 €.

A Deputación subvenciona a segunda fase e remate da obra cun orzamento de 633.000,00, segundo o informe do arquitecto director da obra, con data de outubro de 2010, cantidade aprobada polo Pleno na sesión do 26 de novembro de 2010.

A FUNDACIÓN ADCOR, na súa condición de promotora da obra, é a obrigada a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que sexan necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

#### II.-ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

Respecto do orzamento total da obra por importe de 633.000,00 €, exclúense as partidas non subvencionables, sendo o importe total do orzamento obxecto de subvención de 588.380,16 €. As partidas da obra que se vai subvencionar, segundo o informe ao que se fai referencia na cláusula anterior, especificase co seguinte detalle:

	IMPORTE TOTAL
Revestimentos	44.430,83 €
Carpinterías madeira	135.096,62 €
Carpinterías metálicas	60.030,48 €
Instalación de fontanería e aparatos sanitarios	54.340,13 €
Instalación de calefacción. Ventilación. Solar	99.753,74 €
Instalación protección contra incendios	19.353,92 €

Pintura e decoración	84.774,70 €
Urbanización	90.599,74 €
Total gastos xerais, beneficio e IVE engadido	588.380,16 €

O detalle do presuposto total da execución da contrata desta II Fase e remate é o seguinte:

Presuposto execución material.....	457.812,14 €
13% gastos xerais.....	59.515,58 €
6% beneficio industrial.....	27.468,73 €
8% IVE.....	43.583,72 €
Total IVE engadido.....	588.380,16 €

### III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financia o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000,00 €, para un orzamento subvencionado de 588.380,16 € o que representa unha porcentaxe de financiamento do 17%.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda a Deputación só achegará o importe que represente o 17,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

2.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN ADCOR obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### IV.-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle á FUNDACIÓN ADCOR o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, A FUNDACIÓN ADCOR deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrència, igualdade e non discriminación.

## V.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A FUNDACIÓN ADCOR estará obrigada a colocar unha placa na que se deixe constancia do financiamento provincial e acreditar ter colocado un cartel sobre a colaboración da Deputación durante a realización das obras.

2. Unha vez aboada a subvención deberá reflectir esta colaboración da Deputación da Coruña na memoria anual da entidade.

## VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN ADCOR previa presentación da seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación (só para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación de aprobación polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Coa derradeira certificación de obra deberase achegar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA, apartado 1 e 2, (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso), comunicación á Presidencia da Deputación para a colocación da placa informativa e, copia da remisión ao Rexistro da Propiedade da comunicación oportuna para a inscrición de nota marxinal na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

## VII.-TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, son as descritas na cláusula PRIMEIRA, iniciadas na data novembro 2010 e rematadas antes do 1 de xullo de 2011.

2.A FUNDACIÓN ADCOR deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula trece.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN ADCOR para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN ADCOR da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN ADCOR na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN ADCOR terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A FUNDACIÓN ADCOR deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- A FUNDACIÓN ADCOR destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmete mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN ADCOR deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN ADCOR poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN ADCOR queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá un 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN ADCOR serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN ADCOR será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos dende o 1 de novembro do 2010 e remate da obra e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2012.

2. Logo da solicitude previa da FUNDACIÓN ADCOR, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA FUNDACION  
ADCOR

Diego Calvo Pouso

**10.-APROBAR O CONVENIO COA ENTIDADE “ARTE CONTEMPORÁNEO Y ENERGÍA” TITULAR DO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA UNIÓN FENOSA (MACUF) PARA UN PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E ELABORACIÓN DUN CATÁLOGO E CADERNO DIDÁCTICO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os informes do expediente, nos que figura o reparo expresado pola Intervención respecto da cualificación da entidade como carente de ánimo de lucro, e tendo en conta que xa se levou a cabo outro convenio para estas actividades no MACUF, no ano 2009, e conforme ao informado pola Asesoría Xurídica, a cal indica que segundo o art. 2.2 da Lei 2/91 de 29 abril as agrupacións de interese económico, como é o caso desta entidade, non teñen ánimo de lucro para si mesmas, e na escritura de constitución da entidade exprésase que o seu obxecto é realizar xestión cultural e difusión dos seus bens culturais, en particular museos, e posto que está xustificado no expediente que non contan con todos os medios persoais e materiais para desenvolver as actividades subvencionadas como os monitores para a realización dos talleres e a edición do catálogo e cadernos didácticos, estímase procedente a contratación necesaria para as ditas actividades e acórdase:

Aprobar a formalización da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade “Arte contemporáneo y Energía”, titular do Museo de Arte Contemporáneo Unión Fenosa, CIF V-15.988.165, con sede na Avda. Arteixo núm. 171, 15007 A Coruña, para a realización das actividades iniciadas no 2010, de participación sociocultural para persoas con diversidade funcional e edición de catálogo e caderno didáctico dos que se entregarán exemplares á Deputación conforme ao indicado na cláusula IV, cunha achega da Deputación de 19.864,77 euros, que é o 55% do presuposto subvencionado e que se aboará de conformidade co disposto nas cláusulas VI e VII do texto do convenio e con cargo á

partida 0701/231E/481, núm. de referencia 22012003912, do 7/5/2012, número de referencia 220120011167 do orzamento vixente.”

Número 2012

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE AGRUPACIÓN DE ARTE CONTEMPORÁNEO Y ENERGIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACION SOCIOCULTURAL PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL.**

A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.  
D. Luis Ramiro Díaz López administrador da Agrupación de Arte Contemporáneo y Energía (MACUF).

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Que a Deputación provincial é competente para levar a cabo o presente convenio, consonte co disposto na Lei 5/97 de admón. local de Galicia, arts. 109 e 118, ao estimar de interese para a provincia contar coa posibilidade de facilitar a participación sociocultural ás persoas afectadas de diversidade funcionais dos concellos especialmente nas zonas rurais.

A "Agrupación Arte Contemporáneo y Energía" ten por obxecto entre outros, a prestación de servizos xestionando bens artísticos e culturais en particular museos, non tendo ánimo de lucro para si mesma, segundo o disposto no art. 2.2 da Lei 12/91 do 29 de abril, que resulta de aplicación a dita agrupación.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade citada, ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a AGRUPACIÓN ARTE CONTEMPORÁNEO Y ENERGIA, con CIF V-15988165 e domicilio en Avda. Arteixo núm. 171 - A Coruña, para o financiamento da elaboración e a edición dun CATÁLOGO e dun CADERNO DIDÁCTICO, sobre a participación sociocultural das persoas afectadas por diversidade funcionais nas exposicións e actividades que se veñen desenvolvendo no MACUF, e que constituirá unha ferramenta socio-terapéutica para o traballo coas persoas indicadas, e coa entrega de exemplares á Deputación segundo o disposto na cláusula IV.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

A AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
GASTOS PERSOAL	- Servizos profesionais do equipo técnico	10.460,00 €
	- Axudas de custe-desprazamento a centros	2.143,00 €
	- Gastos de dirección técnica e loxística	960,00 €
	- Honorarios deseño e compilación	995,00 €
	- Administración	228,00 €
GASTOS PREVIOS A EDICIÓN	Subministracións para os talleres	3.253,00 €
GASTOS EDICIÓN CATÁLOGO E CADERNO	- Maquetado e impresión catálogo (1000 exemplares)	10.345,00 €
	- Maquetado e edición caderno (3000 exemplares)	2.552,00 €
COMUNICACIÓN E TELEFONÍA		200,00 €
TOTAL		31.136,00 €
TOTAL IVE INCLUÍDO (16%)		36.117,76 €

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 19.864,77€, o que representa unha porcentaxe do 55,00%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,00%, da cantidade efectivamente xustificada. O importe dos incrementos do orzamento ou os incrementos do IVE, se é o caso, serán por conta da entidade beneficiaria.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificadado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.A execución da actividade subvencionada, levará o compromiso previo de coordinar coa Deputación a edición a inclusión da publicidade da súa colaboración, facendo constar o logotipo da Deputación, e a entrega de 500 exemplares do catálogo e 1.500 do caderno didáctico á disposición dela. Todos os permisos para o uso das imaxes estarán acreditadas e a entidade fará o traballo con estrito cumprimento da lexislación de protección de datos vixente.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Nas edicións do material obxecto da subvención, constará o logotipo e a colaboración da Deputación.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento

detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsión deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e de non ter obtido a entidade beneficios económicos ou lucro para ela ou para os seus socios no desenvolvemento da actividade subvencionada pola Deputación.
6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
8. Entrega do material editado indicado consorte co indicado na cláusula CUARTA.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos antes do 31 de outubro de 2012. As facturas xustificativas do gasto deberán estar comprendidas entre o día 2 de agosto de 2010 e 31 de outubro de 2012.

2. Unha vez rematadas as actividades, a AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 30 de novembro de 2012.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder .

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na [base 55ª.6º das](#) de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro .

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración efectos desde o día 2 de agosto de 2010 e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2012.

2. Logo da solicitude previa da AGRUPACION ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora , da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA	O ADMINISTRADOR DA AGRUPACION DE ARTE CONTEMPORANEO Y ENERGIA A.I.E.
Diego Calvo Pouso	Luis Ramiro Díaz López

### **11.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA O PROXECTO “CONCILIA OS TEUS TEMPOS”, SERVIZO DE CANGURAXE MUNICIPAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña CIF P1503000J, para o financiamento do proxecto “Concilia os teus tempos”, para atención á infancia para a conciliación da vida laboral familiar e persoal, mediante un servizo de canguros municipal en 2012, cunha achega da Deputación de 80.000 euros, que é o 33,20% do orzamento subvencionado, e que se aboará de conformidade co disposto nas cláusulas VI e VII do texto do convenio, e do modo indicado na cláusula III do convenio, con cargo á partida 0701/231F/462.01 do vixente orzamento, conforme ao documento contable RC nº de operación 220120001718 do 28/02/12 que ten o número de referencia 22012001677 realizándose un pago anticipado polo importe do 50% ata 40.000 euros no exercicio 2012, e o importe do 50% restante aboarase coa condición da existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2013.”

Número /2012

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “CONCILIA OS TEUS TEMPOS”**

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Sr. Carlos Negreira Souto, alcalde-presidente do Concello da Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### **M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Coruña ambas as dúas partes

### **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña co NIF P1503000J, para o financiamento do desenvolvemento das actuacións do programa “Concilia os teus Tempos” durante o ano 2012, o Servizo de Atención á Infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal ( “Servizo de **Canguros Municipais**”).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

PROXECTO “CONCILIA OS TEUS TEMPOS”		
CONCEPTO	IMPORTE	
I) Gastos xerais das modalidades do servizo		
Impulso e seguimento do proxecto “Concilia os teus tempos”: seguimento das súas actuacións e medidas e relacións coas unidade familiares, entidades, axentes clave e profesionais das empresas adjudicatarias participantes no proxecto. Gastos de persoal: Técnica media de Igualdade	39.812,40	
II) Gastos específicos de cada modalidade do Servizo de Atención a infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal “Servizo de Canguros Municipais”		
Modalidade de espazos de atención á infancia da carácter colectivo ( E.A.I.) Gastos de persoal	142.560,00 €	
Modalidade de atención á infancia a domicilio Gastos de persoal	26.187,60 €	
Modalidade de rede de ludotecas Gastos de persoal	32.400,00 €	
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>240.960,00€</b>	
<b>DETALLE POR ENTE FINANCIADOR</b>		<b>%</b>
FONDOS PROPIOS DO CONCELLO	160.960,00 €	66,80%
DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA (OBXECTO DO CONVENIO)	80.000,00 €	33,20%

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000 €, o que representa unha porcentaxe de 33,20%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 33,20%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231F/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2012	0701/231F/462.01	40.000 €
2013	0701/231F/462.01	40.000 €

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2012 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA, pola

contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2012, polo que deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA, e dicir antes do 31 de abril de 2013.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. De transcorrer máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibise o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciban desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pago.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva

aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan

incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do ano 2013.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación do ano 2012 antes do día 1 de setembro de 2012 e antes do día 1 de marzo de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE

Diego Calvo Pouso

## **12.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE CULLEREDO PARA MANTENIMENTO E RESERVA DE PRAZAS NO CENTRO OCUPACIONAL MUNICIPAL A ESCADA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo CIF P-1503100-H para o financiamento do mantemento xeral e a reserva de cinco prazas para usuarios procedentes doutros concellos, no centro ocupacional municipal A Escada, cunha achega da Deputación de ata 70.238,90 euros, que é o 76,79% do orzamento subvencionado, e que se aboará de conformidade co disposto nas cláusulas VI e VII do texto do convenio, e do modo indicado na cláusula III do convenio, con cargo á partida 0701/232A/462.01 do vixente orzamento, conforme ao documento contable RC núm. de operación 220111120001719, do 28/2/12 (que ten o número de referencia 220120001678), realizándose un pago anticipado polo importe do 50% ata 35.119,45 euros, no exercicio 2012, e o importe restante, do 50% poderá aboarse condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2013.”

Número /2012

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O FINANCIAMENTO DO MANTENIMENTO XERAL E RESERVA DE PRAZAS NO CENTRO OCUPACIONAL “A ESCADA”**

A Coruña,            de            de            na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. \_\_\_\_\_ alcalde-presidente do Concello de Culleredo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### M A N I F E S T A N

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Ten competencias a Deputación para o financiamento dos servizos prestados polo Concello, consistente en facilitar as persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Na Lei de servizos sociais para Galicia 13/2008, menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificada o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades de que se trata no convenio.

Que o Concello de Culleredo ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Culleredo ambas as dúas partes

#### A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

##### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo e CIF P-1503100-H, para o finan-

ciamento do mantemento xeral e a reserva de cinco prazas do Centro Ocupacional A Escada para usuarios procedentes doutros concellos.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Pedagoga 2 Salario: SS a cargo da empresa	19.569,50€ 6.134,10€
	Monitora taller Salario: SS a cargo da empresa	16.735,00 € 4.764,80€
	Psicóloga Salario: SS a cargo da empresa	4.800 € 511,5 €
	Auxiliar administrativa Salario: SS a cargo da empresa	3.005,70 € 964,30€
	Xefa Sección Atención especializada Salario: SS a cargo da empresa	6.335,50€ 1.518,00 €
Arrendamentos, mantemento e conservación	Mantemento do edificio	2.300,00 €
Material, subministracións e outros	Subministracións para o taller de artesanía e outros	3.500,00 €
	Electricidade	600,00 €
	Teléfono	600,00 €
	Transporte	8.025,00 €
	Seguros	750,00 €
	Gastos diversos	500,00 €
	Traballos a realizar por outras empresas: - 2º taller de artesanía e manipulados - Obradoiro de habelencias sociais - Taller de actividade fisico-deportiva - Obradoiro de teatro e musicoterapia - Obradoiro de sexualidade: <a href="mailto:pais/fill@s">pais/fill@s</a> - Obradoiro de familia	13.000,00 €
	Axudas de custe	800,00€
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>91.464,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.238,90 €, o que representa unha porcentaxe do 76,79%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,79%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/232A/462.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2012	0701/232A/462.01	35.119,45 €
2013		35.119,45 €

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. O Concello comunicará aos beneficiarios das prazas que están subvencionadas pola Deputación da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2012 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, o cumprimento da cláusula quinta sobre publicidade, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. En caso de baixa das prazas subvencionadas, especificarase os motivos desta.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán realizarse do **1 de abril de 2012** ao **31 de decembro de 2012**, e deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á

perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.-O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de abril de 2012**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril do ano 2013**.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE PRESIDENTE DO CON-  
CELLO DE

Diego Calvo Pouso

### **13.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN E APROBACIÓN DUN CONVENIO COA ENTIDADE PAIDEIA PARA COFINANCIAMENTO DUNHA XORNADA SOBRE O CICLO DE ÉTICA: DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Fundación Paideia Galiza CIF G-15798655, para a continuación da colaboración nas Xornadas do ciclo sobre ética e servizos sociais, financiando a xornada desenvolvida en 2012 “Ética: dependencia e autonomía persoal en servizos sociais” dirixido ao persoal que traballa nos servizos sociais de entidades e dos concellos, cunha achega da Deputación de 4.236,00 euros, que representa o 60% do orzamento subvencionado e que se aboará de conformidade co indicado na cláusula VI e VII do texto do convenio, e do modo indicado na cláusula III, con cargo á partida 0701/232B/481.



Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA que ten o CIF G 15 798 655, para o financiamento da continuación da colaboración no ciclo de ética e servizos sociais, que permita levar adiante a xornada ", Ética; dependencia e autonomía persoal en servizos sociais" a desenvolver do ano 2012, dirixido a traballadores sociais e todo o persoal que traballa nos servizos sociais de entidades e concellos.

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Honorarios relatores	2.400,00€
Gastos de viaxe e desprazamento	1.500,00€
Manutención	460,00€
Difusión (anuncios, etc.)	1.800,00€
Gastos operativos (persoal, medios técnicos, etc.)	900,00€
TOTAIS	7.060,00€

#### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 4.236,00 €, o que representa unha porcentaxe de 60,00% No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 60%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsión deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de maio do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do presente ano.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación

poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O PRESIDENTE DA ENTIDADE

PROVINCIAL DA CORUÑA

#### **14.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN E APROBACIÓN DUN CONVENIO COA ENTIDADE PAIDEIA PARA O PROGRAMA TRANSNACIONAL “LA IDA”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a concesión da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Fundación Paideia Galiza CIF G-15798655, para o cofinanciamento dun programa de intercambio transnacional dirixido a un mínimo de 10 mozos e mozas dos concellos da provincia para a busca da integración da xuventude en dificultades de inserción e que presente risco de saída dos

circuítos educativos, formativos e no desemprego, mediante o desprazamento a Alemaña para a aprendizaxe do idioma e a realización de prácticas en empresas, cunha achega da Deputación de 17.000 euros, que representa o 80% do orzamento subvencionado e que se aboará de conformidade co indicado na cláusula VI e VII do texto do convenio, e do modo indicado na cláusula III, con cargo á partida 0701/231G/481, conforme ao documento contable RC núm. de referencia 22012005702 do 17/07/12 ( núm. de operación 220120020143) do orzamento vixente.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “LA IDA” PARA INTEGRACIÓN A TRAVÉS DO INTERCAMBIO TRANSNACIONAL, DIRIXIDO A MOZOS E MOZAS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA EN 2012

A Coruña, de na sede da Deputación Provincial da Coruña

*Reunidos*

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Dna. Rosalía Mera Goyenechea presidenta da ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

*MANIFESTAN*

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de admn. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme ás leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Na Lei de servizos sociais para Galicia 13/2008, menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo a actividade de inserción de mozos e mozas de interese para os concellos da provincia da Coruña, polo que está xustificada o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades de que se trata no convenio.

Por outra banda, segundo consta nos seus estatutos, a FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

Dado o interese coincidente da Deputación e da ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA ambas as dúas partes

#### *A C O R D A N*

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA que ten o CIF G 15 798 655, para o financiamento dun programa de intercambio transnacional que beneficie a mozos e mozas dos concellos da provincia, para a busca da integración da xuventude en dificultades, de difícil inserción e que presente risco de saída dos circuitos educativos, formativos e no desemprego.

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de estancia (grupo)	Aloxamento e manutención	9.280,00€
	Viaxe en avión	4.500,00€
	Seguro	420,00€
Gastos de persoal	Selección, coordinación e titorización	4.100,00€
	Formación á saída	1.200,00€
Reunións transnacionais	Billete avión, aloxamento, axudas de custe de desprazamento, manutención	1.750,00 €
TOTAL		21.250,00

#### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 17.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231G/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Informe dos Servizos Sociais dos concellos, en concreto o procedemento de selección dos beneficiarios como procedentes, nos que conste que os perfís dos

participantes no intercambio corresponden ao perfil indicado na cláusula I deste convenio.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ENTIDADE BENEFICIARIA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, antes do 1 de setembro de 2012.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a

presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva

aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 maio do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do presente ano.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ENTIDADE

### **15.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE FERROL”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Concello de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 17.000 €, concedida para financiar o XXVI Premio Internacional de piano “Cidade de Ferrol”, cun orzamento subvencionado de 70.400 €, de acordo co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

**“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o XXVI Premio Internacional de piano “Cidade de Ferrol”**

A Coruña,

#### **REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. José Manuel Rey Varela, alcalde-presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

#### **EXPOÑEN**

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ferrol exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

2.- O Concello de Ferrol vén organizando dende hai anos o Concurso Internacional de piano que, neste ano, celebra a súa edición número vinte e seis; esta actividade é de grande interese xa que se trata dun dos concursos máis antigos do estado e o máis antigo de Galicia, cunha grande proxección internacional, tanto polo número de participantes, como pola súa calidade artística.

Este concurso ten como obxectivos xerais: crear un novo espazo cultural e de formación para os novos talentos musicais, divulgar as obras pianísticas de todas as épocas e a arte interpretativa do piano, fomentar a riqueza cultural na cidade de Ferrol a través de novas experiencias artísticas e contribuír á formación de pianistas de alto nivel.

3.- En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia, e como complemento á programación de actuacións musicais que desenvolve con carácter anual, a Deputación provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

4.- En función das consideracións anteriores, o Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol (CIF: P1503700E) para financiar o **XXVI Premio Internacional de piano “Cidade de Ferrol”** que terá lugar entre o 24 de novembro e o 1 de decembro de 2012, coa seguinte programación:

\* Xornadas de probas eliminatorias: celébranse dúas probas eliminatorias no Teatro Jofre; o público pode asistir, de xeito gratuíto.

\* Xornada final: as persoas finalistas realizan as súas interpretacións, acompañados dunha orquestra sinfónica.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ferrol

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Premios	24.500.-
Honorarios xurado	15.000.-
Manutención xurado	2.000.-
Aloxamento xurado	2.000.-
Traslados xurado	100.-
Caché orquestra	10.000.-
Material imprenta	5.000.-
Coordinación medios, prensa	2.000.-
Publicación bases no DOG	200.-
Arranxos florais	800.-
Intérprete	1.200.-
Conserxe, azafatas, afinador, iluminación son, carga a descarga	5.000.-
Envío documentación	600.-
Gravación, edición, e emisión	1.500.-
Presentador	500.-

**Total** **70.400 €**

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **24,148 %**.

No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 24,148 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución**

1.- Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.-O Concello de Ferrol comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do *XXVI Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol”* e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (24,148 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

\* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* Para os gastos de manutención, aloxamento e traslado dos membros do xurado, copia das correspondentes facturas, nas que deberá identificarse as persoas ás que se refiren.

\* Certificación do acordo de nomeamento dos membros do xurado.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

\* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* Acreditación do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1.- O Concello de Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos**

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Previa solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ferrol.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **16.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE MUROS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO MUSEO DO POZO DO CACHÓN NO ANO 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Concello de Muros correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2012, cun orzamento subvencionado de 30.335,96 €, de acordo co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros para financiar o *Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2012.***

A Coruña,

**REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña.

Dna. Caridad González Cerviño, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Muros.

**MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o Concello de Muros é titular do muíño de marea do Pozo do Cachón que é unha magnífica obra de enxeñería da segunda metade do século XIX.

Este edificio emprazado na ría de Muros foi rehabilitado a partir do ano 1990, rematando as obras no ano 1999.

No ano 2004, coa colaboración desta Deputación, foi realizado un proxecto de musealización destinado a integrar o muíño de marea nun circuito de actividades vinculadas ao turismo cultural que levou á conversión do edificio no Centro de Interpretación de Muíños da Costa da Morte, que empezou a funcionar no mes de abril de 2005.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que este espazo museístico de Muros desenvolve, non só no ámbito local senón con influencia en toda a comarca da Costa da Morte e Barbanza e na provincia coruñesa.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Muros acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros (CIF: P1506400J) para financiar o ***Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2012.***

Esta programación terá os seguintes contidos:

- ❖ Visitas guiadas no Museo do Pozo do Cachón.
- ❖ Saídas guiadas dende o Museo do Pozo do Cachón aos muíños de Longarela, muíño de Pontella, muíño de Riomaior, muíños de vento na illa de Santa Catalina, estacións de arte rupestre e outros lugares de interese.
- ❖ Exposicións temporais: O mundo do pan, V Premio Internacional de arte gráfica “Jesús Núñez”, Pintura de artistas locais, 10 anos do Prestige, Galicia. Conservando a natureza, Mostra muradana de artesanía e O patrimonio marítimo de Galicia.
- ❖ Mostra de artesanía.
- ❖ Xornadas de xogos tradicionais.
- ❖ Obradoiro “O mundo do pan”.
- ❖ Edición de materiais gráficos e audiovisuais sobre os muíños e as actividades que se han desenvolver.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Muros**

O Concello de Muros desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Salario animadora turístico-cultural	8.805,28
Salario guía	10.934,66
Obradoiro do pan	600,00
Mostra de artesanía e exposicións temporais	1.200,00
Publicidade do Museo e actividades	1.000,00
Edicións de material	1.000,00
Salario limpador	6.796,02
<b>Total</b>	<b>30.335,96 €</b>

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **65,928 %**.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,928 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Muros obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución**

1.- Corresponderalle ao Concello de Muros o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Muros axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Muros.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Muros do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de

financiamento (65,928 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

\* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

\* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* Acreditación do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Muros terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Muros deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Muros para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Muros da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1.- O Concello de Muros deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos**

1.- O Concello de Muros destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Muros poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Muros queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Muros serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Muros será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Previa solicitude do Concello de Muros, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Muros.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento”.

**17.-APROBAR O CONVENIO COA *FUNDACIÓN CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA* PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE CURSOS, EXPOSICIÓNS E VISITAS NO ANO 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ 1.- Aprobar o convenio coa Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea correspondente á subvención nominativa, por importe de 100.000 €, concedida para financiar o Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2012, cun orzamento subvencionado de 127.719 €, de acordo co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para financiar o Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2012**

A Coruña

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da. Deputación Provincial da Coruña.

D. Jesús Núñez Fernández, presidente da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea (CIEC), en representación dela

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

**MANIFESTAN**

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Fundación CIEC constituíuse na cidade de Betanzos o día 7 de abril de 1997, sendo un dos seus membros fundadores o Concello de Betanzos.

3.- Que a Fundación CIEC ten por obxecto a promoción e difusión das artes plásticas en xeral, e a arte gráfica, en particular.

4.- Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.

Neste senso, dende o ano 2001, a colaboración da Deputación da Coruña permite programar cada ano unha ampla programación de actividades no campo da gráfica, con dúas liñas principais: a formativa e a expositiva.

5.- Que a Fundación CIEC pretende realizar no presente ano un programa de actividades dirixidas á formación de artistas e á difusión das artes plásticas considerado de gran interese pola Deputación.

6.- Que, consonte co sinalado anteriormente e, de conformidade co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das actividades e, neste senso, no presuposto para o exercicio do ano 2012 figura unha subvención nominativa para a Fundación CIEC, destinada a transferencias correntes a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a entidades culturais.

7.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación CIEC, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para financiar o ***Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2012***, co seguinte contido:

*Actividade formativa:*

- \* IX Máster en obra gráfica: cursos de calcografía, xilografía, litografía e calcografía.

- \* Programa de bolsas para artistas: bolsas de material didáctico, edicións, aluguer e manutención.

- \* XVIII Cursos de verán “Gráfica 2012”: cursos monográficos sobre unha técnica gráfica en particular.

- \* Talleres libres nas fins de semana nos que o CIEC pon as súas instalacións a disposición dos artistas.

- \* Asistencia a ESTAMPA, Feira Internacional de Arte Múltiple Contemporánea.

- \* Programa de colaboración con outros centros formativos nacionais ou do estranxeiro.

\* Conferencias, xornadas, presentacións de libros, concertos...

\* Actualización da páxina web.

*Actividade expositiva:*

\* A Colección, integrada por máis de tres mil estampas das que se mostra unha selección que rota de xeito que se expoñan as novas obras.

\* Exposicións temporais individuais ou colectivas.

*Programa de visitas didácticas:* dirixido fundamentalmente a escolares.

*Premio Internacional de arte gráfica “Jesús Núñez”*a Fundación colabora coa Deputación de Coruña, convocante do premio, na xestión, na exposición itinerante que é inaugurada na sede da Fundación e na concesión de bolsas de formación as persoas que obteñen os dous accésits.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria**

A Fundación CIEC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

### ***Talleres e cursos monográficos de gravado***

Profesorado cursos	19.000.-
Traslados: gasolina e gastos	979.-
Mantemento de talleres e espazos	4.030.-
Xefe de taller	9.836.-
Dirección, coordinación e promoción actividades	22.000.-
Informática: honorarios clases	10.302.-
Secretariado	12.000.-
Xestión ordinaria da Fundación	9.970.-
Material didáctico cursos e talleres	14.500.-
Bolsas de traballo aos alumnos	17.000.-
Difusión (publicidade, folletos, correo)	1.302.-

***Importe*** **120.919.-**

### ***Exposicións***

Asistencia feiras: stand, traslados, viaxes...	1.000.-
Exposicións do CIEC	1.500.-

***Importe*** **2.500.-**

### ***Visitas didácticas***

Material funxible	1.300.-
-------------------	---------

***Importe*** **1.300.-**

### ***V Premio de arte gráfica Jesús Núñez***

\* Organización, coordinación e secretariado

* Recepción, inventariado, almacenaxe e embalaxe e devolución de obras	
* Preparación reunión xurado	
* Exposición	
* Bolsas correspondentes a 2 accésit	
<b>Importe</b>	<b>3.000.-</b>

**Total de gastos** **127.719 €**

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **78,297 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **78,297 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75 %** do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación CIEC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación CIEC.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación CIEC, nin con calquera outra na que concorran algunha das

circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación CIEC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación CIEC.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación CIEC nun máximo de tres prazos, unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación dos ingresos obtidos por matrículas.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademais, presentarse a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación CIEC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación CIEC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación CIEC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación CIEC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación CIEC na documentación aportada; e se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación CIEC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1.- A Fundación CIEC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos**

1.- A Fundación CIEC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación CIEC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación CIEC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación CIEC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación CIEC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación CIEC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Previa solicitude da Fundación CIEC, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº --

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**18.-APROBAR O CONVENIO COA *FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL* PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO ANO 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades do ano 2012, cun orzamento subvencionado de 26.403,28 €, de acordo co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para financiar o Programa de actividades do ano 2012**

A Coruña,

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Javier Expósito Paradela, presidente da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, en representación dela

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

**MANIFESTAN**

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital constituíuse na cidade de Madrid o día 22 de xaneiro de 2001, fixando a súa sede no Lugar de Outeiro, Artes, no concello de Ribeira.

3.- Que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital ten por obxecto o desenvolvemento e execución de programas de investigación, estudos, formación,

perfeccionamento e cooperación no ámbito da arte, en xeral e na arte gráfica, en particular..

4.- Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.

5.- Que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital é titular dunha grande colección de gravados que ten unha especial importancia, non só no aspecto cultural, tamén no aspecto turístico, debido á súa situación nun concello de gran potencial turístico, que ten que completar as súas ofertas de ocio cultural.

6.- Que, consonte co sinalado anteriormente e, de conformidade co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das actividades e, neste senso, no presuposto para o exercicio do ano 2012 figura unha subvención nominativa para a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, destinada a transferencias correntes a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a entidades culturais.

7.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación CIEC, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital (CIF: G15798168) para financiar o ***Programa de actividades do ano 2012***.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital desenvolverá as actividades programadas, consonte co seguinte orzamento:

#### ***Exposición “Caprichos” de Dalí***

Comisariado e coordinación	500,00.-
Rotulación	200,00.-
Tríptico	200,00.-
Montaxe exposición	600,00.-

Enmarcación		1.880,00.-
	<b>Importe</b>	<b>3.380,00.-</b>

***Exposición “Quijotes y Sanchos”***

Comisariado e coordinación		400,00.-
Tríptico		249,78.-
Montaxe exposición		600,00.-

Enmarcación		1.100,00.-
	<b>Importe</b>	<b>2.349,78.-</b>

***Exposición “Gravadores galegos: Homenaxe a Facal”***

Comisariado e coordinación		300,00.-
Rotulación		193,50.-
Tríptico		300,00.-
Montaxe exposición		250,00.-
Enmarcación		1.200,00.-

**Importe 2.243,50.-**

***Exposición “Alberti: toros, amor, natureza e mar”***

Comisariado e coordinación		300,00.-
Rotulación		200,00.-
Tríptico		400,00.-
Montaxe exposición		600,00.-
Enmarcación		1.940,00.-

**Importe 3.440,00.-**

***Exposición “Imaxes bíblicas do século XVI ao XIX”***

Comisariado e coordinación		300,00.-
Rotulación		250,00.-
Montaxe exposición		700,00.-
Enmarcación		2.130,00.-

**Importe 3.380,00.-**

***Exposición “Grandes mestres da pintura a través do gravado”***

Comisariado e coordinación		300,00.-
Rotulación		250,00.-
Tríptico		400,00.-
Montaxe exposición		470,00.-
Enmarcación		2.140,00.-

**Importe 3.560,00.-**

***Exposición “O mundo da caricatura”***

Comisariado e coordinación		300,00.-
Rotulación		350,00.-

Tríptico	500,00.-
Montaxe exposición	600,00.-
Enmarcación	3.800,00.-
<b>Importe</b>	<b>5.550,00.-</b>
<b>Impresión catálogo de Manuel Silvestre</b>	<b>2.500,00.-</b>
<b><u>Total de gastos</u></b>	<b><u>26.403,28 €</u></b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **75,748 %**.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,748 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital na documentación aportada; e se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1.- A Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos**

1.- A Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de

Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Previa solicitude da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº --

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**19.-APROBAR O CONVENIO COA FUNDACIÓN LUÍS TILVE PARA FINANCIAR O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DA U.X.T. E DOS MOVEMENTOS SOCIAIS DE GALICIA, VIII FASE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida á Fundación Luís Tilve para financiar a “VIII fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.X.T. e dos movementos sociais de Galicia”, no senso de que a subvención se destine a financiar a *VIII fase do Proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.X.T. e dos movementos sociais de Galicia*, cun orzamento subvencionado de 12.500 €, de acordo co texto que se transcribe ao final deste acordo:

2.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve para financiar a continuación do *“Proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.X.T. e dos movementos sociais de Galicia, VIII fase”*.**

A Coruña, a

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Jesús Mosquera Sueiro, presidente da Fundación Luís Tilve (CIF: G15169949).

Ambas as dúas partes, no nome e na representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

**EXPOÑEN**

1.- A Fundación Luís Tilve é unha institución co carácter de fundación cultural privada, constituída en Santiago de Compostela o día 9 de outubro de 1989, que foi declarada de interese galego por Orde do 1 de abril de 1991, da Xunta de Galicia.

2.- A Fundación Luís Tilve é a depositaria do arquivo histórico e documental da U.X.T. Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

A Fundación creou o *Arquivo Histórico do Movemento Obreiro*, que forma parte da rede de Arquivos de Galicia e da Rede de Arquivos da UXT e a *Biblioteca Especializada no Mundo do Traballo*, integrada na rede de Bibliotecas de Galicia.

3.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

4.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia lles atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

5.- En base ás razóns sinaladas, a Deputación da Coruña vén de financiar sete fases do proxecto, mediante os correspondentes convenios de colaboración asinados a partir do ano 2004.

Nestes anos, a Fundación organizou un arquivo que cumpre coas mellores condicións marcadas pola arquivística, organizou unha biblioteca especializada no mundo obreiro e laboral de gran calidade, compilou material documental en risco de desaparecer e unha gran cantidade de actividades de investigación que axudan a coñecer e comprender o noso pasado.

6.- Nesta oitava fase continuarase coa labor de clasificación e catalogación; ademais, os traballos tecnolóxicos iniciados ten que mellorarse e actualizarse, o que obriga a un labor de transformación de formatos materiais a dixitais, de descrición en novas bases de datos, etc.

7.- En relación ás bases indicadas subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é financiar o **“Proxecto de investigación, estruturación e conservación do arquivo histórico da UXT e dos movementos sociais en Galicia, VIII fase”**, no que se desenvolverán os seguintes traballos:

Traballos na Biblioteca Especializada:

\* Catalogación de obras ingresadas durante o ano ou pendentes, introducindo a dita catalogación na base de datos de xestión de bibliotecas (Meiga), da Rede de Bibliotecas da Xunta de Galicia.

\* Catalogación e descrición de audiovisuais.

Traballos no Arquivo Histórico:

\* Identificación, clasificación, ordenación, descrición, localización e expurgo da nova documentación achegada, así como conservación nas mellores condicións.

\* Actualización do Cadro de Clasificación para engadir as novas series que van xurdindo coa nova documentación, así como a súa creación e transferencia aos Sistemas de Gestión Documental Informatizada (SGDI).

\* Descrición no programa de xestión documental da Rede de Arquivos de Galicia. (ALBALA).

\* Procura de nova documentación ou material documental en calquera formato, que poida estar en mans particulares.

\* Realización de copia da documentación que non queira ser doada ou cedida, e que teña valor para o arquivo.

\* Dixitalización das novas fotografías, para a súa mellor difusión, conservación e uso, a través de programa informático que permita a consulta, especialmente aos medios de comunicación.

\* Integración dos descritores nas TIC e SGDI coa fin de poñer en coñecemento dos investigadores, estudantes, historiadores e cidadáns, a documentación e servizos que a Fundación ofrece.

Atención de usuarios:

\* Atención e servizo a investigadores, historiadores, estudantes e público en xeral que precisen de información, consulta ou copia dos materiais postos á súa disposición.

\* Revisión diaria da páxina web.

\* Colaboración con outras entidades (asociacións, universidades, fundacións, administración, etc.) para unha mellor consecución dos obxectivos.

\* Realización de charlas e conferencias que permitan o contacto cos novos investigadores e participación en congresos e xornadas.

\* Realización de melloras técnicas e mecánicas para mellorar o servizo.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que se ha realizar a entidade beneficiaria**

A Fundación Luís Tilve desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

### *\* Gastos de persoal*

Persoal técnico e administrativo 8.360.-

### *\* Gastos por actividades*

Seminarios, reunións, etc. 875.-

### *\* Materiais*

Materiais funxibles e específicos 300.-

### *\* Gastos diversos*

Comunicacións, desprazamentos, outros 2.965.-

***Total*** **12.500 €**

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Luís Tilve obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Luís Tilve.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Luis Tilve, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Luís Tilve deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Luís Tilve.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle abonada á Fundación Luís Tilve unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Luís Tilve, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Luís Tilve deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Luís Tilve para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Luís Tilve da sanción que, de conformidade co disposto na

Lei de subvencións e na Base 55.6º das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Luís Tilve na documentación aportada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Luís Tilve terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1.- A Fundación Luís Tilve deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinar de oficio esta.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos**

1.- A Fundación Luís Tilve destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Luís Tilve deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Luís Tilve poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Luís Tilve queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Luís Tilve serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Luís Tilve será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Previa solicitude da Fundación Luís Tilve, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº --

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **20.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA, PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAI 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Concello da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 240.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades culturais 2012, cun orzamento subvencionado de 300.000 €, de acordo co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

**“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Programa de actividades culturais 2012*.**

A Coruña,

### **REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña.

D. Carlos Negreira Souto, alcalde do Concello da Coruña.

### **MANIFESTAN**

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que a Tenencia de Alcaldía do Concello da Coruña entende que a actividade dos poderes públicos no campo da promoción cultural ten como primeira finalidade

promover o acceso da cidadanía a unha cultura de calidade, en condicións de igualdade. A política cultural é, neste senso, unha parte fundamental dos servizos de benestar, xa que contribúe ao benestar e a cohesión social e á identificación da cidadanía cos valores da súa sociedade.

Mais, tamén, as políticas culturais teñen outras finalidades complementarias, xa que as administracións públicas teñen a obriga de coidar da conservación, recuperación e posta en valor do patrimonio cultural, incluído o inmaterial, e deben favorecer a creación cultural, axudando aos artistas nos seus procesos de creación e na difusión dos seus traballos, atendendo ás potencialidades do sector cultural como creador de riqueza.

3.- O programa inclúe actividades dentro de cada unha das dimensións da política cultural:

- \* A difusión cultural
- \* A creación e industria cultural
- \* A posta en valor do patrimonio

4.- Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, e a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do *Programa de actividades culturais 2012* proposto polo Concello da Coruña e, por iso, no presuposto aprobado polo Pleno da Corporación, foi incluída unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña (CF:P1503000J) para financiar o *Programa de actividades culturais 2012*, cos seguintes proxectos:

#### *A. Catuxa descóbrec A Coruña*

A promoción do patrimonio cultural material e inmaterial da cidade víñase caracterizando ata o momento polo desenvolvemento de actuacións diversas, sen unha visión integral e coordinada e sen unha imaxe común. A través do proxecto ‘Catuxa descóbrec A Coruña’ preténdese abordar a posta en valor do patrimonio da cidade de xeito integral, definindo unha imaxe única para as actuacións de promoción e difusión.

Na fase inicial do proxecto, que se desenvolverá no ano 2012, o deseño desta imaxe común estenderase ao patrimonio histórico e arquitectónico e á rede de equipamentos culturais de titularidade municipal.

O proxecto consta das seguintes actuacións:

- \* Deseño da imaxe e adquisición dos dereitos de autor
- \* Elaboración do proxecto editorial

### ***B. III Edición da Mostra de Cine Periférico***

A Mostra estrutura a súa programación mediante ciclos e retrospectivas, nas que se da cabida tanto ás grandes obras da historia do cine, como á obra dos novos creadores.

A Mostra consta das seguintes actuacións:

#### *Ópera Prima:*

\* A Cuadrilla antes da Cuadrilla (1981-1986): da falcatruada punk ao cine familiar.

#### *A segunda vida das imaxes:*

- \* O novo monstro
- \* Naomi Uman
- \* Andrés Duque

#### *Superoito contemporáneo:*

- \* Arquivo expandido
- \* Your lost memories

#### *Sinais:*

- \* Alberte Pagán
- \* Marcos Nine

#### *Vangardas:*

- \* Gala de inauguración: cine-concerto
- \* Fragments of Kubelka

#### *Arquivos históricos:*

- \* Cineteca Nacional de México

#### *Desbordamentos:*

- \* Miwa Matreyek
- \* Arquivo expandido

#### *Programación paralela:*

- \* Instalacións e exposicións: Curtas Vila do Conde 20 aniversario  
A Brecha. Marcos Nine e Rodrigo Losada

- \* Didáctica: Masterclass Peter Kubelka  
Obradoiro de cine en 16 mm

*Observatorio profesional:*

- \* Mini S8: Miwa Matreyek  
Obradoiro de cine experimental para nenos
- \* Off Mostra: Javier Martín.

### ***C. XV Edición de Viñetas dende o Atlántico***

Este festival vense celebrando anualmente nos mes de agosto dende o ano 1998; reúne un amplísimo conxunto de exposicións, artistas invitados, charlas e conferencias que ofrecen unha ampla visión do mundo do cómic a nivel internacional.

Estas actividades complementáanse coa feira de libeiros e editores, presentación de novidades e actividades lúdicas.

### ***D. Programación expositiva do Kiosko Alfonso e a Sala de Exposicións de Palexco***

- \* *Exposición de Nono Bandera no Kiosco Alfonso*
- \* *Exposición ‘El mundo fluye, dos miradas sobre una misma realidad’*

### ***E. Proxecto novos creadores e cómic***

Coincidindo coa celebración do festival Viñetas dende o Atlántico, ponse en marcha un proxecto dirixido á dinamización e fomento da actividade creativa no ámbito do cómic, a través das seguintes actividades:

- \* *Obradoiros para campamentos de verán*: obradoiros de iniciación ao cómic **para** nenos de entre 3 e 12 anos participantes nos campamentos de verán nos centros socioculturais Ágora e Forum.

- \* *Exposición “Tito Longueirón e Yeti: cómics de olimpiada”*: do 1 ao 31 de agosto no centro sociocultural Ágora.

- \* *Murais urbanos*: actividade participativa de pintura de catro murais en espazos urbanos coordinada por autores de cómic.

- \* *Laboratorio creativo de cómic*: obradoiro creativo para afeccionados e profesionais, dirixido por Henrique Torreiro.

\* *Teatro de Rúa*: espectáculo de rúa baseado na estética propia do cómic, dirixido á dinamización cultural.

## II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello da Coruña

O Concello da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<b><i>A. Catuxa descobreche A Coruña</i></b>		
DESEÑO DA IMAXE		
Elaboración do proxecto editorial	7.500,00	
Dereitos de autor	2.200,00	
Deseño gráfico	8.500,00	
	<b>SUBTOTAL:</b>	<b>18.200,00</b>
EDICIÓN E IMPRESIÓN DE MATERIAIS		
Trípticos promocionais	1.800,00	
Guía cultural para familias	4.000,00	
	<b>SUBTOTAL:</b>	<b>5.800,00</b>
	<b>Total A</b>	<b>24.000,00</b>
<b><i>B. III Edición da Mostra de Cine Periférico</i></b>		
PROGRAMACIÓN		
Produción e preproducción	15.000,00	
Secretaría técnica	5.000,00	
Honorarios artísticos e dereitos de exhibición	5.000,00	
Tradución e subtítulado	2.000,00	
Servizos técnicos	12.000,00	
	<b>SUBTOTAL:</b>	<b>39.000,00</b>
COMUNICACIÓN		
Prensa	4.000,00	
Imaxe e deseño web	7.400,00	
Publicidade	5.000,00	
	<b>SUBTOTAL:</b>	<b>16.400,00</b>
OUTROS CONCEPTOS		
Acondicionamento de sedes	4.000,00	
Viaxes, aloxamento e manutención	10.600,00	
	<b>SUBTOTAL:</b>	<b>14.600,00</b>
	<b>Total B</b>	<b>70.000,00</b>
<b><i>C. XV Edición de Viñetas dende o Atlántico</i></b>		
EXPOSICONS		
Comisariado	22.200,00	
Seguridade	12.000,00	
Transporte	13.600,00	
Seguros	600,00	
Montaxe e ambientación	20.000,00	
	<b>SUBTOTAL:</b>	<b>68.400,00</b>
MATERIAL IMPRESO		
Catálogo	4.000,00	

Carteis, folletos e invitacións	2.500,00	
	SUBTOTAL:	6.500,00
<b>MESAS REDONDAS, CURSOS</b>		
Conferencias e cursos	21.500,00	
	SUBTOTAL:	21.500,00
<b>DIFUSIÓN</b>		
Fotógrafo	2.300,00	
Periodistas	2.800,00	
Bandeirolas	2.600,00	
Páxina web	700,00	
	SUBTOTAL:	8.400,00
<b>AUTORES INVITADOS</b>		
Viaxes	4.000,00	
Aloxamento	6.500,00	
Transporte local	1.000,00	
Manutención	2.000,00	
	SUBTOTAL:	13.500,00
<b>FEIRA DO CÓMIC</b>		
Aluguer e instalación de casetas	15.200,00	
Outros	3.500,00	
	SUBTOTAL:	18.700,00
<b>OUTROS CONCEPTOS</b>		
Instalación de esculturas	6.000,00	
Cartel	3.000,00	
Outros conceptos	10.000,00	
	SUBTOTAL:	19.000,00
	<b>Total C</b>	<b>156.000,00</b>
<b><i>D. Programación expositiva</i></b>		
<b>NONO BANDERA</b>		
Comisariado	3.400,00	
Intervención artística	700,00	
Fotografía e edición	400,00	
Publicidade	600,00	
Montaxe e subministracións	1.700,00	
Transporte	1.800,00	
Aloxamento e manutención	450,00	
Seguros	500,00	
	SUBTOTAL:	9.550,00
<b>EL MUNDO FLUYE</b>		
Acondicionamento de salas	4.800,00	
Montaxe e subministracións	1.500,00	
Publicidade	750,00	
Conserxería e atención ao público	2.000,00	
Catálogo	1.400,00	
	SUBTOTAL:	10.450,00
	<b>Total D</b>	<b>20.000,00</b>
<b><i>E. Proxecto novos creadores e cómic</i></b>		
Comisariado e produción	4.800,00	
Obradoiros para campamentos de verán	9.800,00	
Exposición 'Tito Longueirón v Yeti'	2.000,00	
Murais	10.400,00	
Teatro de Rúa	3.000,00	

	<i><b>Total E</b></i>	<i><b>30.000,00</b></i>
<b>TOTAL GLOBAL</b>		<b>300.000,00</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 240.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación e execución**

1.- Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

## **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.- O Concello da Coruña comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda as publicacións e na publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ao Programa de actividades culturais e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

## **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello da Coruña do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, en seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

\* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e

CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

\* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* Acreditación do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1.- O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos**

1.- O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escolleito pola

Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55<sup>a</sup>. 6<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Previa solicitude do Concello da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello da Coruña, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

**21.-APROBAR O PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2012, 2ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO DE MELLORA DE CAPA DE RODADURA NA DP 5813 OLEIROS A SADA. CÓDIGO 12.1100.0032.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2012 2ª fase cun orzamento de 112.652,45 euros con cargo á aplicación 0401/453A/61900, integrado polo proxecto de mellora de capa de rodaxe na DP 5813 Oleiros a Sada. Código 12.1100.0032.0, cun orzamento de 112.652,45 euros.
2. Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, considerárase definitivamente aprobado.”

**22.-APROBAR O PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 4603 DE MELIDE A RIBADULLA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Aprobar o proxecto reformado nº 1 do de ensanche e mellora de trazado e afirmado da DP 4603 Melide a Ribadulla polo seu orzamento de contrata de 1.868.002,92 euros que non supón incremento ningún respecto do primitivo.
2. Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 1.229.332,72 euros que non representa incremento ningún respecto ao primitivo.

3. Non existindo alteración do valor do contrato é innecesario o incremento das fianzas constituídas.
4. Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola execución desas obras, de conformidade co establecido no art. 8.2. da Lei 25/1988 de estradas e concordantes da Lei de expropiación forzosa, para os efectos da tramitación do correspondente expediente expropiatorio.”

**23.-APROBAR O PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP 0106 DE AMEÁS A OZA DOS RÍOS, TRAMO PK 8+600 A PK 14+700 (OZA DOS RÍOS).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Aprobar o proxecto modificado nº 2 do de mellora de seguridade viaria da DP 0106 Ameás a Oza dos Ríos, p.k. 8+600 ao 14+700 (Oza dos Ríos) polo seu orzamento de contrata de 1.196.673,98 euros que non supón incremento ningún respecto do primitivo.
2. Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 815.443,46 euros que non representa incremento ningún respecto do primitivo.
3. Non existindo alteración do valor do contrato é innecesario o incremento das fianzas constituídas.
4. Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola execución destas obras, de conformidade co establecido no art. 8.2. da Lei 25/1988 de estradas e concordantes da Lei de expropiación forzosa, para os efectos da tramitación do correspondente expediente expropiatorio.”

**24.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE “URXENTE EXPROPIACIÓN” Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 7401 URDILDE A ANTEQUERA ENTRE OS PK 0+000 A 0+320 SENDA PEONIL DE URDILDE (CÓD. PROXECTO GASTOS 2010.3.82.001) (CÓDIGO DO PROXECTO 0911300008.0) (ROIS).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Dar por cuberta a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de mellora de seguridade viaria na DP 7401 Urdilde a Antequera entre os pk 0+000 a 0+320

senda peonil de Urdilde (cód. proxecto gastos 2010.3.82.001) (código do proxecto 0911300008.0) (Rois)

2. Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

Actualmente a estrada 7401 ten unha calzada estreita de media inferior aos 6 metros e carece de beiravías. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación dos peóns.

A estrada provincial na zona de Urdilde comunica cunha igrexa, polo que existe un apreciable tránsito de peóns nas devanditas zonas poboadas. Actualmente a estrada carece de beiravías, que unido ás reducidas dimensións da calzada provoca que os peóns non poidan desprazarse nas debidas condicións de seguridade. A creación dunha senda peonil posibilitará unha circulación máis segura para que todos os veciños dos núcleos existentes na estrada provincial.

Nos últimos anos houbo 9 accidentes de tráfico. Independentemente doutras circunstancias concorrentes (velocidade, estado do condutor, factores climatolóxicos), a mellora urxente das condicións da circulación peonil da vía diminuírá o risco de atropelo.”

## **25.-APROBAR O PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP 1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO Á LAGOA DO PK 12+000 AO PK 15+630.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto modificado nº 2 da obra de ampliación e mellora de trazado da DP 1909 Carballo a Caión e acceso á lagoa do pk 12+000 ao pk 15+630 (código do proxecto reformado 09.1110.0001.11 polo seu orzamento de contrata de 1.920.696,17 (IVE 16%) euros, que representa un incremento con respecto ao primitivo de 162.166,87 euros (IVE 18%), condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito nº 4 do Pleno.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S. L. (B15293145), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 1.703.919,11 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 142.123,41 euros (IVE 18%).

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 7.106,17 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 67.464,90 euros.

4.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola execución destas obras de conformidade co establecido no artigo 8.2 da Lei 25/1988 de estradas e concordantes da Lei de expropiación forzosa, para os efectos da tramitación do correspondente expediente expropiatorio.”

**26.-APROBAR O PROXECTO DA OBRA COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CON M.A.C. NA DP 5004 DO CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES, PK 5+340 A 9+460 (PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS E OBRAS PROVINCIAIS 2012, 3ª FASE).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2012 3ª fase cun orzamento de 55.961,48 euros con cargo á aplicación 0401/453A/61900, integrado polo complementario do proxecto de pavimentación con m.a.c. na DP 5004 do Casal de Arriba á Feira do Tres. Código 12.1100.0033.0, cun orzamento de 55.961,4845 euros, condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito nº 4 do Pleno.

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

**27.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN “DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”.**

INTERVENCIONS

Sr. Freire Abeijón

A proposta de emenda consiste nunha modificación ao ditame da Comisión Informativa de Plans de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do 23 de xullo de 2012, relativo á aprobación das bases reguladoras do Plan especial para o financiamento extraordinario de obras e servizos municipais 2012. A emenda é orientada e relativa ao título do devandito plan que quedaría reducido ao texto “Unha Deputación para todos os concellos”, e na denominación do plan, cambiar a denominación deste plan que se vai denominar DTC94: Unha Deputación para todos os concellos, esta denominación debe figurar no título das bases, no primeiro parágrafo da base 1 e nos anexos I, II, III, IV e V das bases. A denominación dos asuntos número 27 da orde do día do Pleno do 27 de xullo de 2012 pasaría a ser a seguinte: “Aprobar as bases reguladoras do Plan DTC94: unha Deputación para todos os concellos”.

E a segunda emenda sería engadir un parágrafo á base 5.1, engádese o seguinte texto ao final da base 5.1: “No entanto, os municipios de gran poboación, formalmente acollidos ao réxime establecido na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderá adoptar o acordo de participación neste plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia, e non necesariamente polo Pleno.” O texto definitivo das bases do Plan DTC94: Unha Deputación para todos o Concellos e dos seu cinco anexos coas emendas indicadas xúntanse como anexo, e foi achegado a cada un dos representantes dos grupos.

Procédese a votar a emenda.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (17 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

A continuación, vótase o ditame coa emenda, que é aprobado por unanimidade.

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2012, en cuxas partidas 0501/459G/46201 e 0501/459G/76201 se consigna a cantidade de 24.000.000,00 euros para o seu financiamento.

3º) Remitirlle este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días, e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.”

## **BASES REGULADORAS DO PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

### **1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

O presente “Plan DTC 94 Unha Deputación para todos os Concellos”, finánciase cunha achega pro vicial na anualidade 2012 por importe de 24.000.000,00 € e ademais coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento dos investimentos.

Achega provincial	Importe
Comprometida	24.000.000,00 €

A aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2012 no que se consigne crédito necesario para o seu financiamento nas partidas 0501/459G/46201 e 0501/459G/76201. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

## 2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Por iso, especialmente neste momento de crise económica, a finalidade deste plan é axudar aos concellos da provincia para garantir a adecuada prestación dos servizos públicos municipais esenciais mediante o financiamento dos investimentos e dos gastos municipais que deseguido se detallan:

### A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

Obras de reparación ou mantemento dos edificios ou das instalacións municipais, actuacións de reparación ou mantemento dos camiños municipais e do alumeadado público e as reparacións ou mantementos da subministración de auga potable e da rede de sumidoiros.

En todo caso, deben ser obras para as que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, contén con elas xa no momento da solicitude, o que deberá acreditarse documentalmente como se indica na base 5.

Tamén poderá solicitarse a inclusión de adquisición de maquinaria, material técnico especial, ou vehículos directamente destinados ao funcionamento dos servizos públicos.

## B) HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS

Honorarios de redacción de proxectos de obras contratados externamente.

## C) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS

Financiamento da achega municipal para participar noutros plans, programas ou convenios da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento, ou as subministracións indicadas no apartado A). Non é posible a súa aplicación ás obras incluídas no “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal” (POS) porque a súa normativa esixe que o concello realice unha achega mínima obrigatoria do 5% do presuposto de cada obra.

As obras ou subministracións para cuxa achega municipal se solicita financiamento, deben estar adxudicadas no momento da solicitude.

## D) FINANCIAMENTO DO GASTO CORRENTE DO CONCELLO DA ANUALIDADE 2012

Financiamento dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos de cada concello.

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2012, a Intervención ou Secretaría-Intervención de cada concello deberá elaborar unha previsión, para o exercicio 2012, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

No suposto de que o concello destinara parte da cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes no POS 2012, deberán coordinarse os gastos imputados para que non exista un exceso de financiamento. Do mesmo modo só poderán incluírse outros gastos de financiamento afectado no importe non financiado por outras administracións públicas ou por achegas privadas, de tal xeito que o financiamento finalista total non poida exceder do 100% do gasto acreditado.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliaria de lixo, alumeados públicos, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, mantemento de parques públicos e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos mínimos obrigatorios en cada concello. Non obstante, tamén poderán incluírse os gastos de socorristas de praias e piscinas, e a limpeza de praias, que non foran financiados por outros programas provinciais ou doutras administracións públicas.

Os custos de persoal só poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais. Non poderán ser obxecto deste plan os gastos de persoal adscritos ao mantemento de servizos sociais municipais que foran financiados a través de convenios específicos para esta finalidade.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal total e directamente adscrito ao servizo, coa excepción sinalada con anterioridade, respecto aos servizos sociais municipais
- bens e servizos correntes
- xuros de préstamos asociados directamente ao servizo
- achegas a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

### 3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 94 concellos da provincia.

### 4.- FINANCIAMENTO

O presente plan anual financiarase entre a deputación e os concellos que voluntariamente realicen achegas para o financiamento das actuacións a realizar.

No suposto de que o concello realice achegas municipais voluntarias, deberá desagregar para cada actuación a parte que financia a deputación e a que financia o concello.

O importe inicial da achega provincial a este plan para o exercicio 2012 ascende a 24.000.000,00 de euros, que se van consignar nas partidas 0501/459G/46201 e 0501/459G/76201 do expediente de modificación de créditos 4/2012 que o Pleno da Corporación na sesión ordinaria de xullo de 2012 vai aprobar de modo simultáneo á aprobación destas bases.

A cada concello asígnaselle unha cantidade de achega provincial calculada aplicando as variables ponderadas que deseguido se indican:

10%	Cota fixa
20%	Esforzo fiscal
10%	Número de parroquias
30%	Poboación total
30%	Superficie

Da aplicación destas porcentaxes aos datos dos 94 concellos destinatarios do plan resulta a cantidade de achega provincial que se lles asigna a cada un deles, e que se transferirá aos concellos na forma establecida na base 8.

O presente plan ten carácter de parcialmente “prepagable” no sentido de que o 50% da achega provincial transferirase aos concellos, unha vez que se reciba a documentación requirida na forma convida para cada un dos tipos de actuacións descritas na base 8.

## 5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o 30 de setembro de 2012, a seguinte documentación:

### 5.1. – Acordo plenario

Certificación do acordo do Pleno do concello segundo o modelo que figura como anexo I a estas bases, no que se acepten expresamente estas bases e se aprobe a solicitude que se ha realizar, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se financia con cargo á achega municipal voluntaria.

No caso de que o concello realice achegas municipais voluntarias, deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito de abondo para o financiamento da achega municipal prevista.

No caso de obras, no mesmo acordo indicárase expresamente que o concello conta cos terreos necesarios e coas autorizacións ou concesións administrativas precisas para a súa execución.

Se o concello decide destinar a cantidade que se lle asigna neste plan ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nestas bases, deberá indicar os datos das actuacións ás que se destina e o plan no que se inclúen, desagregando o seu financiamento entre todas as administracións cofinanciadoras.

Neste acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das actuacións, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións ou da propia deputación para a execución da obra ou para o financiamento do gasto corrente (tamén no caso de ter solicitada unha achega para o

financiamento de gastos correntes no POS 2012), deberá facilitar o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa requirida para o pago.

Se o concello non ten previsto realizar ningunha sesión plenaria no prazo expresado no apartado primeiro desta base, poderá achegar o acordo do órgano competente que conteña o compromiso de someter o dito acordo á consideración do Pleno do concello na primeira sesión que realice.

Non obstante, os municipios de gran poboación formalmente acollidos ao réxime disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

## 5.2 Documentación específica

### A) OBRAS E SUMINISTRACIÓNS

#### - Documentación técnica

Dous exemplares de cada proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, co contido establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276 do 16 de novembro de 2011).

#### - Informe técnico

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se se precisan autorizacións deberá achegarse o correspondente documento acreditativo de que o concello xa conta con elas.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do citado Real decreto legislativo 3/2011.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra ou prego de prescricións técnicas das subministracións establécese en 30.000,00 euros.

#### B) HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS

Deberá presentarse unha memoria técnica xustificativa da necesidade de contratar externamente a redacción dos proxectos, con indicación da denominación da obra, presuposto do proxecto e dos honorarios de redacción, así como a forma do financiamento da obra indicando, no seu caso, o plan ou programa no que se vai incluír.

#### C) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS

Debe presentarse unha ficha resumo cos datos das obras cuxa achega municipal se vai incluír neste plan, detallando o seu financiamento desagregado segundo o modelo que figura como anexo IV a estas bases. Este anexo debe presentarse por triplicado exemplar.

#### D) FINANCIAMENTO DO GASTO CORRENTE DO CONCELLO DA ANUALIDADE 2012

No suposto de que o concello opte por destinar parte ou toda a cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2012, a Intervención ou Secretaría-Intervención deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como anexo II, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2012 dos gastos correntes total e directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, referido aos servizos e aos conceptos de gasto que se detallan na base 2.D. Non obstante, tamén poderán incluírse os gastos de socorristas de praias e piscinas, e a limpeza de praias, que non foran financiados por outros programas provinciais ou doutras administracións públicas.

No anexo II o concello debe indicar os datos correspondentes aos servizos que desexe incluír, sempre que cubran o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, non sendo preciso cubrir os datos de todos os servizos.

No suposto de que o concello destinara parte da cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes no POS 2012, deberán coordinar os gastos imputados para que non exista un exceso de financiamento. Do mesmo modo so poderán incluírse outros gastos de financiamento afectado no importe non financiado por outras administracións públicas ou por achegas privadas, de tal xeito que o financiamento finalista total non poida exceder do 100% do gasto acreditado.

O anexo II debe presentarse en exemplar triplicado.

## 6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista das solicitudes presentadas polos concellos da provincia, o Pleno da Deputación prestará aprobación ao plan onde se incluírán as actuacións solicitadas polos concellos que estean correctas e completas.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións nin se emitira o informe, poderanse proseguir os trámites.

## 7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A contratación das obras farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberá enviarse á deputación a documentación que deseguido se indica xunto coa acta de comprobación do replanteo ata o día 10 de decembro de 2012.

A contratación realizarase de acordo co citado Real decreto legislativo 3/2011, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados por esta deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no art. 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no plan destinaranse a minorar a achega municipal que se realice ata anular, se fora posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación.

Unha vez adxudicadas as obras deberá remitirse á esta deputación a seguinte documentación:

- Listaxe das obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se enviará ao concello coa circular de contratación
- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- Acta de comprobación do replanteo

- No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse a seguinte documentación:

- xustificación da publicidade da licitación ou a consulta a 3 empresas,
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios da adxudicación establecidos na cláusula 15 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

- No caso de adxudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración-factor prezo, ou con multiplicitade de criterios de valoración deberá presentarse a seguinte documentación:

- xustificación da publicidade da licitación
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada as ofertas presentadas

- No caso de que foran executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 do Real decreto lexislativo 3/2011 e a acta de inicio das obras.

## 8.- EXECUCIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

A deputación transferirá ao concello o importe da achega provincial segundo se detalla a continuación para cada un dos tipos de actuacións incluídas neste plan. En todo caso ao realizarse o pagamento con carácter parcialmente prepagable, o concello deberá xustificar a efectiva aplicación da achega provincial recibida á finalidade para a que foron transferidos.

No caso de que os importes das obras executadas polo concello incluídas dentro do plan, así como do resto das actuacións realizadas, sexan inferiores ás cantidades transferidas ao concello, iniciárase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda. O concello queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola deputación.

### A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

- OBRAS:

Cando se reciba na deputación a acta de comprobación de replanteo da obra, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o 50% da achega da deputación calculada sobre o presuposto de adxudicación de cada actuación.

As obras executaranas os respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As modificacións dos contratos tramitaranse, no seu caso, polo concello, de acordo co establecido no Real decreto legislativo 3/2011 citado. De calquera xeito, requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integralmente polo concello correspondente.

Á medida que se execute a obra, os concellos deben presentar na deputación as correspondentes certificacións de execución das obras ou as facturas, debidamente aprobadas polo órgano municipal competente, para a súa aprobación técnica pola deputación.

Xunto coa primeira certificación deberán presentarse dúas fotografías onde se reflecta a colocación do cartel na obra e no seu contorno, conforme ao modelo establecido.

Cando se presente a derradeira certificación de execución ou factura acompañada da “acta de recepción”, así como a certificación acreditativa da aprobación da certificación ou factura polo órgano municipal competente e a acreditación de ter destinado o importe anticipado a realizar os pagos correspondentes, a deputación transferirá ao concello o 50% ou resto da achega provincial, calculada sobre o presuposto de adxudicación, correspondente ao investimento executado.

Todas as obras deberán estar terminadas antes do 30 de xuño de 2013.

- SUBMINISTRACIÓNS:

Cando se reciba na deputación a factura aprobada polo órgano municipal competente acompañada da acta de recepción, a deputación transferirá ao concello o 100% da achega da deputación.

Todas as subministracións deberán estar realizadas antes do 30 de xuño de 2013

B) HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS

Cando se solicite a inclusión dentro do plan dos honorarios da redacción dos proxectos de obras, que sexan contratados externamente, os concellos deberán remitir á deputación copia do contrato asinado para a redacción destes, para poder transferir o pago do 50% da achega solicitada á deputación calculada sobre o importe do contrato de adxudicación.

A remisión da copia do contrato de redacción de proxectos deberá realizarse antes do 10 de decembro de 2012

Con posterioridade e antes do 30 de xuño de 2013 o concello deberá presentar a correspondente factura aprobada polo órgano municipal competente e a deputación transferirá o 50% ou resto da achega provincial.

#### C) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS

A deputación transferirá ao concello o 50% da achega provincial aplicada a esta finalidade logo da aprobación do plan polo pleno en base aos datos que figuran no anexo IV presentado coa solicitude de participación no plan.

Os concellos deberán presentar na deputación, antes do 30 de xuño de 2013, un informe asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello xustificativo da achega provincial, así como a acta de recepción do investimento ou informe técnico xustificativo da súa execución segundo o modelo que figura como anexo V ás bases.

Á vista da citada documentación anexa a deputación transferirá ao concello o 50% ou resto da achega provincial solicitada para esta finalidade.

Unha vez que o concello realice o pago da citada cantidade, enviarase á deputación o xustificante do pagamento.

#### D) FINANCIAMENTO DO GASTO CORRENTE DO CONCELLO DA ANUALIDADE 2012

Á vista da documentación recibida do concello na que se solicita aplicar parte da achega provincial asignada neste plan ao financiamento dos gastos correntes previstos para o exercicio 2012, onde se achega o informe de previsión de gastos da Intervención ou Secretaría-Intervención segundo o modelo que figura como anexo II ás bases da convocatoria e na que se reflicte a parte subvencionada con cargo ao POS 2012 – gastos correntes, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o 50% do importe da cantidade indicada sempre que estea debidamente xustificada a súa aplicación aos gastos estimados a financiar polo concello para o exercicio 2012.

Unha vez feitos os pagos, os concellos deberán presentar na deputación, antes do 31 de marzo de 2013, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola

intervención ou secretaría-intervención, no que se detallen os pagos efectuados e os dereitos recoñecidos por subvencións finalistas para a mesma finalidade, segundo o modelo que figura como anexo III, e a deputación á vista da citada documentación transferirá o 50% ou resto da achega provincial solicitada.

No suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento establecido no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar ao da subvención da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións. No suposto de que o concello destinara parte da cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes no POS 2012, deberán coordinar os gastos imputados para que non exista un exceso de financiamento. Do mesmo modo só poderán incluírse outros gastos de financiamento afectado no importe non financiado por outras administracións públicas ou por achegas privadas, de tal xeito que o financiamento finalista total non poida exceder do 100% do gasto acreditado.

O concello queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola deputación.

## 9.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, logo do informe previo da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**ANEXO I**

**PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

**MODELO DE ACORDO PLENARIO**

1º) Participar no “Plan DTC 94 Unha deputación para todos os concellos”da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	<b>ACHEGA MUNICIPAL</b>	<b>ACHEGA PROVINCIAL</b>
<b>TOTAL</b>			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Honorarios de redacción de proxectos de obras

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	<b>ACHEGA MUNICIPAL</b>	<b>ACHEGA PROVINCIAL</b>	<b>OUTRAS ACHEGAS</b>
<b>TOTAL</b>				

C) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

<b>DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE</b>	<b>FINANCIAMENTO DESAGREGADO</b>	<b>ACHEGA PROVINCIAL APLICADA</b>
<b>TOTAL</b>		

D) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012

<b>Concello</b>	<b>Cantidade asignada neste plan</b>		
-----------------	--------------------------------------	--	--

	<b>que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012</b>	<b>Achega POS 2012 de gasto corrente</b>	<b>Outras achegas</b>

E) Resumo

	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Outras achegas</b>	<b>Presuposto total</b>
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS				
SUBTOTAL HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS				
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS				
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES				
<b>TOTAL</b>				

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) (Só no caso de que exista achega municipal voluntaria)

Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. alcalde, en \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

V. e pr.  
O alcalde

## ANEXO II

### PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

#### INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2012 PARA O PAGO DO PRIMEIRO 50% DA ACHEGA PROVINCIAL

**CONCELLO DE**

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2012 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2012 (B)	ACHEGA CON CARGO AO POS 2012 (C)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2012 (A-B-C)
Subministración de auga potable	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Rede de sumidoiros	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Limpeza viaria	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				

**CONCELLO DE**

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

## ANEXO II

### PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

#### INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2012 PARA O PAGO DO PRIMEIRO 50% DA ACHEGA PROVINCIAL

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2012  (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2012 (B)	ACHEGA CON CARGO AO POS 2012 (C)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2012 (A-B-C)
Recollida domiciliaria de lixo	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Alumeado público	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				

CONCELLO DE

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

## ANEXO II

### PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

#### INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2012 PARA O PAGO DO PRIMEIRO 50% DA ACHEGA PROVINCIAL

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2012(A)	ESTIMACIÓN DE OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2012 (B)	ACHEGA CON CARGO AO POS 2012 (C)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2012 (A-B-C)
Mantemento de parques públicos	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Outros	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Outros	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
<b>T O T A L</b>					

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

**ANEXO III**

**PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTE REALIZADOS NO 2012 PARA O PAGO DO SEGUNDO 50% OU RESTO DA ACHEGA PROVINCIAL

<b>CONCELLO DE</b>					
<b>SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local</b>	<b>NATUREZA DO GASTO</b>	<b>PAGOS REALIZADOS 2012(A)</b>	<b>DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2012 (B)</b>	<b>ACHEGA CON CARGO AO POS 2012 (C)</b>	<b>GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2012 (A-B-C)</b>
Subministración de auga potable	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Rede de sumidoiros	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Limpeza viaria	- Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

**ANEXO III**

**PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTE REALIZADOS NO 2012 PARA O PAGO DO SEGUNDO 50% OU RESTO DA ACHEGA PROVINCIAL

CONCELLO DE					
SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 De bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2012 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIONS FINALISTAS 2012 (B)	ACHEGA CON CARGO AO POS 2012 (C)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2012 (A-B-C)
Recollida domiciliaria de lixo	-Persoal total e directamente adscrito				
	Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Alumeado público	-Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	Achegas e entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	-Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	Achegas e entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

**ANEXO III**

**PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTE REALIZADOS  
NO 2012 PARA O PAGO DO SEGUNDO 50% OU RESTO DA ACHEGA PROVINCIAL

CONCELLO DE					
SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 De bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2012 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCÍONS FINALISTAS 2012 (B)	ACHEGA CON CARGO AO POS 2012 (C)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2012 (A-B-C)
Mantemento de parques públicos	-Persoal total e directamente adscrito				
	Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Outros	-Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	Achegas e entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
Outros	-Persoal total e directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo				
	Achegas e entes supramunicipais ou outros				
	<b>SUBTOTAL</b>				
<b>TOTAL</b>					

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO IV

**PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

CONCELLOS QUE DESTINAN A CANTIDADE ASIGNADA POLA DEPUTACIÓN AO FINANCIAMENTO DAS ACHEGAS MUNICIPAIS OBRIGATORIAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS DA DEPUTACIÓN OU DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

**Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello para o pagamento do primeiro 50% da achega provincial**

DENOMINACIÓN E CÓDIGO DA OBRA	DENOMINACIÓN DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	DESAGREGAMENTO POR ADMINISTRACIÓNS	IMPORTES SOBRE CONTRATA	IMPORTES SOBRE ADXUDICACIÓN
		<b>T o t a l</b>		

Para os efectos do pagamento do 50% da achega provincial, informo que o concello adquiriu o compromiso de realizar unha achega municipal pola cantidade que se indica, ou que a administración que xestiona o plan ou programa realizou o requirimento de ingreso do citado importe:

Achega municipal comprometida ou requirida	
--	--

ANEXO V

**PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

CONCELLOS QUE DESTINAN A CANTIDADE ASIGNADA POLA DEPUTACIÓN AO FINANCIAMENTO DAS ACHEGAS MUNICIPAIS OBRIGATORIAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS DA DEPUTACIÓN OU DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

CONCELLO DE

**Informe da Intervención ou Secretaría-intervención do concello para o pago do 50% ou resto da achega provincial**

DENOMINACIÓN E CÓDIGO DA OBRA	DENOMINACIÓN PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	DESAGREGAMENTO POR ADMINISTRACIÓNS	IMPORTES SOBRE CONTRATA	IMPORTES SOBRE ADXUDICACIÓN	IMPORTES SOBRE EXECUCIÓN
		<b>Total</b>			

A efectos da xustificación e pagamento do 50% ou resto da achega provincial solicitada, xúntase a acta de recepción do investimento ou informe técnico xustificativo da súa execución.

Unha vez que o concello realice o pago da citada cantidade, enviarase á deputación o xustificante do pagamento.

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

**28.-APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE RÚAS NAS PARROQUIAS DE ARANGA E FERVENZAS” DO CONCELLO DE ARANGA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2012. CÓDIGO:12.2100.0008.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “ Pavimentación de rúas nas parroquias de Aranga e Fervenzas” do Concello de Aranga incluída no POS 2012, cun orzamento de contrata de 53.528,89, co código 12.2100.0008.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade, situación e obxecto da obra, si implica un cambio de trazado con respecto ao proxecto inicialmente aprobado.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>FINANCIAMENTO</u>		
			<u>Deputación F.propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
12.2100.0008.0	Aranga	Pav.de rs. parrqs.Aranga e Fervenzas	50.852,44	2.676,45	53.528,89

**29.-APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL NAS PARROQUIAS DE MUNIFERRAL E VILARRASO” DO CONCELLO DE ARANGA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) CO CÓDIGO 12.2100.0009.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Actuacións de mellora na rede de abastecemento municipal nas parroquias de Muniferral e Vilarraso” do Concello de Aranga incluída no POS 2012, cun orzamento de contrata de 31.393,00 € co código 12.2100.0009.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade nin do seu obxecto, si hai, por un lado, un cambio de trazado con respecto ao proxecto inicialmente aprobado, e por outro, implica unha variación interna das súas partidas superior ao 30% do seu presuposto de execución material polo que a súa aprobación lle corresponde ao Pleno desta Corporación.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>FINANCIAMENTO</u>		
			<u>Deputación F.propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
12.2100.0009.0	Aranga	Mellora rede ab. Mpal Muniferral e V.	29.823,34	1.569,66	31.393,00

**30.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PRAZA PÚBLICA EN SOFÁN” DO CONCELLO DE CARBALLO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011. CÓDIGO: 11.2100.0045.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Praza pública en Sofán" do Concello de Carballo incluída no POS 2011, cun orzamento de contrata de 184.160,20€, co código 11.2100.0045.0, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total nin cambio da finalidade, localización e obxecto da obra, si implica unha variación interna das súas partidas superior ao 30% do seu orzamento de execución material.”

			<u>FINANCIAMENTO</u>		
<u>Código</u>	Concello	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F.propios</u>	Concello.	Orzamento <u>Total</u>
11.2100.0045.0	Carballo	Praza pública en Sofán	174.952,19	9.208,01	184.160,20

**31.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“O presidente da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol remite certificación do acordo do Pleno da mancomunidade, adoptado na sesión do 11 de xuño de 2012, polo que se aproba a modificación dos estatutos, para informe desta Deputación provincial en cumprimento do que dispón o artigo 143.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGa).

Tras o exame da documentación achegada e do informe da Secretaría Xeral, elevo ao Pleno da Deputación, previo ditame da Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos a seguinte proposta de acordo:

Informar favorablemente a modificación, acordada na sesión do Pleno da mancomunidade do 11 de xuño de 2012, dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, consistente na incorporación a este do Concello de Cabanas.”

**32.-APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA FINANCIAR O EQUIPAMENTO E CONSTRUCCIÓN DA NAVE DE PROTECCIÓN CIVIL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión para financiar a construción e equipamento da nave de protección civil.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 161.499,59 euros , que supón o 100 % do presuposto do proxecto.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/134.A/762.01

3.- Facultar o presidente para o que proceda na tramitación do presente acordo.

4.- Condicionar o presente acordo á condición resolutoria en virtude da cal de non presentar o Concello de Corcubión perante a Deputación a preceptiva autorización de Portos de Galicia na que quede autorizada a execución do proxecto a que vai referida o investimento no prazo que finaliza o próximo 31 de agosto de 2012, o presente acordo quedaría sen efecto.

5.- Dado que o crédito para facer fronte á presente subvención quedaría anulado a 31/12/2012, no caso de non xustificarse e pagarse dentro do dito prazo, perderíase o dereito á percepción da subvención, sen que poida incluírse en ningún expediente de modificación de créditos no exercicio 2013, por entender que se incumpriría o principio de anualidade presupostaria contido no artigo 176 do T.R.L.R.F.L. aprobado por R.D.L.2/2004.

6.- O texto íntegro do convenio é o que figura incorporado como anexo I ao presente ditame

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA PROMOVER A CONSTRUCIÓN E EQUIPAMENTO DUNHA NAVE PARA PROTECCIÓN CIVIL NO CONCELLO

A Coruña, de dous mil doce

#### REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. Francisco Javier Lema Fuentes, alcalde-presidente do Concello de Corcubión.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas e MANIFESTAN

1.A Lei galega 2/1985 de protección civil, na súa exposición de motivos, manifesta que a protección civil constitúe a afirmación dunha ampla política de seguridade que encontra o seu primeiro fundamento no artigo 15 da Constitución española, que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito á vida e a integridade física como primeiro e máis importante de todos os dereitos fundamentais.

2.Desde esa perspectiva, a protección civil considerase como un servizo público organizado de forma coordinada polas distintas administracións que xestionan competencias nesa materia. Á Administración Xeral do Estado correspóndelle a planificación superior, sen perdas das competencias que asuman as demais administracións públicas, así como da participación que cheguen a asumir os cidadáns en cumprimento dos seus deberes de colaboración e asistencia.

3.O Decreto 351/1997, do 10 de decembro, da Xunta de Galicia fixou a estrutura orgánica dos diferentes órganos aos que quedou encomendada a xestión autonómica en materia de protección civil. No citado decreto residenciou na Dirección Xeral de Protección Civil a xestión ordinaria da competencia atribuída á Comunidade Autónoma encadrándoa dentro da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

4.Entre as competencias atribuídas no Decreto 227/1998, do 10 de xullo, á Dirección Xeral de Protección Civil, está a de planificar e coordinar os plans e programas dos servizos contra incendios e salvamento local, sen prexuízo das competencias atribuídas nesa materia ás administracións locais.

5.A Lei de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións a competencia de cooperación cos concellos asegurando a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

6.En escrito coa data 03.07.2012 o Concello de Corcubión solicita a firma dun convenio actualizado para a construción da nave e o seu equipamento. O motivo é a finalización da vixencia do anterior convenio núm. 396/2009 sen que se puidera aprobar a súa modificación.

E polo tanto, e dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Corcubión ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Deixar sen efecto o convenio núm. 396/2009 con data do 18.11.2009 nos termos manifestados na parte expositiva e formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión CIF P1502800D para o financiamento do proxecto de “*Modificado do proxecto básico e de execución de nave para protección civil*”, tal como aparece definida esta no proxecto básico e de

execución redactado polo arquitecto Don Antonio Martínez Domínguez (colexiado N° 3442).

O Concello de Corcubión, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da deputación e conta con informe favorable.

A obra “*Modificado do proxecto básico e de execución de nave para protección civil*”, está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Corcubión, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desglosada co seguinte detalle:

P. E.M:	115.011,81 €
13 % GASTOS XERAIS	14.951,54 €
6 % BENEFICIO INDUSTRIAL	6.900,71 €
18 % IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	<u>24.635,53 €</u>
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	161.499,59 €

### SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO:

ORZAMENTO	12.989,46€
I.V.E.	2.388,10 €
ORZAMENTO TOTAL:	15.327,56 €

TOTAL ORZAMENTO: 176.827,15 €

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 176.827,15 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00%.

2. No caso de que o gasto xustifico non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00%, da cantidade

efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/134A/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Corcubión obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Corcubión o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Corcubión axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de melloras.

4. No caso de que o Concello de Corcubión tramite e aprobe algunha modificación do proxecto modificado, achegando xunto con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Corcubión estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2010, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Corcubión pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achege ao expediente a seguinte documentación no caso da execución das obras:

1. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

6 Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.

7 Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

8 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

9 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

10 Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

11 Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Corcubión, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

12 Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboada co primeiro pago prepagable

Ademáis no suposto da subministración do equipamento e só no suposto de que sexa obxecto de adxudicación independente cómpre achegar a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.-Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Corbución, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustifico do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Corbución na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle

corresponda, o Concello de Corcubión terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

#### VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Corcubión deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Corcubión para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CORCUBIÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Corcubión deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Corcubión destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Corcubión poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Corcubión queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións dispostos nas normas citadas e na Base 54<sup>a</sup> das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Corcubión serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Corcubión será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2012. Sen embargo, no presente caso e dado que se trata de refundición de dous convenios –un aprobado e outro do que se iniciaron os trámites pero non se chegou a aprobar- e tendo en conta que o gasto xa

se realizou polo Concello de Corcubión, excepcionalmente os xustificantes de gastos admitiranse con carácter retroactivo a esta data sempre e cando sexan posteriores ao 01.05.2011.

2. Para o caso de que o Concello de Corcubión non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Corcubión perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada ata a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Corcubión, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
DA CORUÑA

O ALCALDE DO CONCELLO DE  
CORCUBIÓN

Diego Calvo Pouso

Francisco Javier Lema Fuentes

**33.-APROBAR E MODIFICAR OS COEFICIENTES DA ACHEGA RELATIVA AOS PROXECTOS “REPOSICIÓN DE PECHES E ACCESOS AFECTADOS POLA URBANIZACIÓN DAS LAGOAS” E “URBANIZACIÓN PLATAFORMA “C” E ENTROQUE “H”-“P” DO POLÍGONO DAS LAGOAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

" 1.- Aprobar a inclusión dos dous proxectos que se indican a continuación no proxecto xeral da obra urbanización do polígono das Lagoas obxecto de convenio asinado o 28 de decembro de 2006 entre os representantes da Consellería de Vivenda e Solo, a Consellería de Industria, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (I.G.V.S), o Concello de Narón e a Deputación Provincial da Coruña.

3.- Aprobar a achega provincial aos proxectos citados, por importe de 66.816,47 € que corresponde á porcentaxe do 21,339611 % do seu orzamento que ascende a 313.110,06 correspondente á cantidade restante despois de pagar as dúas certificacións das rúas “B” e “S” segundo queda reflectido no cadro seguinte:

PROXECTO	PRESUPOSTO	PORCENTAXE	ACHEGA PROVINCIAL
Reposición de peches e accesos afectados na urbanización do polígono das Lagoas	124.927,16	21,339611%	26.658,97
Urbanización plataforma “C” e entronque “H”-“P” do polígono das Lagoas	188.182,90	21,339611%	40.157,50
<b>Total</b>	<b>313.110,06</b>	<b>21,339611%</b>	<b>66.816,47</b>

4º O coeficiente de financiamento da achega provincial aos proxectos queda modificado do 24,76 % establecido no convenio para pasar o 21,3396114 %.”

### 34.-APROBAR A 2ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante o acordo plenario do 26 de marzo do 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente,

1º- Aprobar a 2ª fase da anualidade 2012 do Programas de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

Financiamentos 2ª fase anualidade 2012	TOTAL 2ª fase anualidade 2012
Achega municipal	0,00 €
Achega Deputación	90.849,69 €
<b>Total</b>	<b>90.849,69 €</b>

2º.- Aprobar a relación de actuacións fase 2º anualidade 2012 que a continuación se relacionan:

CONCELLO	DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	Presuposto	Achega da deputación pendente da anualidade 2010-2011	Achega municipal	Achega provincial	Presuposto total 2012 + achega pendente da anualidade 2010-2012
OUTES	Mellora accesibilidade no paseo do peirao	36.250,00 €	-	-	36.250,00 €	36.250,00 €
DODRO	Instalación contedores soterrados, colocación de marquesiña e sinalización reductores de velocidade en Lestrove	54.599,69 €	18.349,69 €	-	36.250,00 €	54.599,69 €
<b>TOTAL</b>						<b>90.849,69 €</b>

A achega da Deputación para 2ª fase da anualidade 2012 ascende a **90.949,69 €** .

3º.- A contratación e execución das obras e actuacións realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran no punto 7 e 8 das bases reguladoras

4º.- Os prazos para contratar e executar as obras incluídas no presente acordo son os seguintes:

- Obras da 2ª fase da anualidade 2012 (Concellos de Dodro e Outes):
  - Prazo para contratar 30 de outubro de 2012
  - Prazo para xustificar a execución das obras 30 de xullo de 2013.

5º Dispoñer para exposición pública a 2ª fase da anualidade 2012 e a 4ª fase da anualidade 2010-2011 do Programa mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

6º.- Facultar ao presidente para canto proceda no referido á xestión do presente acordo".

**35.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN “ENTRECULTURAS FE Y ALEGRÍA”, PARA FINANCIAR O PROXECTO “GARANTIR O ACCESO A UNHA EDUCACIÓN PRIMARIA DE CALIDADE PARA A POBOACIÓN RETORNADA E AS COMUNIDADES REINTEGRADAS EN ZONAS DE ACOLLIDA, NO LESTE DO CHAD”.**

(Entra no salón o Sr. Iglesias Redondo).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A “FUNDACIÓN ENTRECULTURAS – FE Y ALEGRÍA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “GARANTIZAR O ACCESO A UNHA EDUCACIÓN PRIMARIA DE CALIDADE PARA A POBOACIÓN RETORNADA E AS COMUNIDADES REINTEGRADAS EN ZONAS DE ACOLLIDA, NO LESTE DO CHAD”

A Coruña, ..... de ..... de dous mil doce

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. José Luis Presedo Díaz, DNI núm. 32.368.968-X, que intervén neste acto en nome e representación da " *Fundación Entreculturas – Fe y Alegría*", CIF G82409020, cuxa delegación para Galicia ten domicilio na Rúa Fonseca, núm. 8-A, da Coruña, na súa calidade de delegado para Galicia e conforme coas competencias que ten atribuídas.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

## EXPOÑEN

A "Fundación Entreculturas - Fe y Alegría" (a beneficiaria, en adiante) é unha organización non governamental para o desenvolvemento, constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, inscrita no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Axuda ao Desenvolvemento, co código PR802A 98/3-0 ONGD-66, dende 1998.

O 11.04.2012, a "Fundación Entreculturas - Fe y Alegría" presenta unha solicitude de colaboración para o financiamento do proxecto de "Garantir o acceso a unha educación primaria de calidade para a poboación retornada e as comunidades reintegradas en zonas de acollida, no Leste do Chad", cun orzamento estimado de gastos de 44.030,33 euros.

A execución deste proxecto afecta a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (IDH/2011: 183, sobre 187), que ao incidir na calidade do ensino de nivel primario, é considerado como unha prioridade transversal e sectorial polo "Plan Director da Cooperación Galega 2010 – 2013", na medida que coa súa execución se contribúe á loita contra a pobreza e á cobertura das necesidades sociais básicas da poboación, ademais de que tamén afecta á consecución do 1º e do 2º Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

A Deputación da Coruña, que xa colaborou coa citada entidade en anos anteriores, colabora novamente coa beneficiaria no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de ...../...../2012, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade "Fundación Entreculturas - Fe y Alegría", por importe de 35.000,00 euros, para o financiamento do citado proxecto.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO DO CONVENIO

1. O proxecto se denomina "Garantir o acceso a unha educación primaria de calidade para a poboación retornada e as comunidades reintegradas en zonas de acollida, no leste do Chad", ten como obxectivo xeral mellorar a calidade do ensino primario nas comunidades de refuxiados (procedentes do conflito de Darfur, en Sudán) e desprazados (polos conflitos internos no propio país) situadas nas comunidades de Goz-Beida e Koukou, na Rexión de Dar Sila, no leste do Chad, e como obxectivo específico garantir o acceso e a continuidade a unha educación primaria de calidade para as comunidades de Goz-Beida e Koukou, no leste do Chad, mediante a mellora das infraestruturas educativas e o acceso e mantemento dos puntos de auga nas comunidades citadas.

2. Segundo o documento de formulación o proxecto concrétase fundamentalmente na consecución dos seguintes resultados:

\* Resultado 1.1.- Realización de actividades necesarias para garantir a sostibilidade do proxecto, orientadas á promoción da participación da comunidade na xestión escolar, especialmente das asociacións de pais e nais de alumnos, mediante reunións informativas e talleres de sensibilización.

\* Resultado 1.2.- Construción de 14 hangares (xúntase unha fotografía do modelo, cuxo custo unitario é dun importe aproximado equivalente a 2.600,00 €), que consisten en pequenas infraestruturas para as escolas de primaria das comunidades de Goz-Beida e Koukou. Asemade, este resultado inclúe garantir que as escolas teñan acceso a un punto de auga potable, así como na compra e distribución de equipamento escolar (35 lousas e 80 esteiras para o chan).

3. Da execución do proxecto se beneficiarán directamente 8.256 alumnos/as e 240 membros das asociacións de pais e nais dos alumnos/as das 14 escolas das comunidades de Goz-Beida e Koukou.

4. A intervención da beneficiaria farase a través da súa contraparte local “Servizo Xesuíta a Refuxiados no Chad” (JRS, polas súas siglas en inglés), organización con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza, así como con poboación desprazada e refuxiada. A contraparte ou socio local é habitual colaborador do ACNUR e doutras organizacións nacionais, públicas e privadas (como Entreculturas).

## II. ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto, é o seguinte:

CONCEPTO		IMPORTE
OBRAS E EQUIPAMENTO	Construcións 14 hangares para as escolas de primaria	36.240,18
	Equipamento e bens inventariables (35 lousas e 80 esteiras para as escolas)	2.789,82
	<b>TOTAL</b>	<b>39.030,00</b>
ACTIVIDADES	Bens consumibles para actividades de sensibilización, talleres, etc. (papel, bolígrafos, alimentación)	5.000,33
	<b>TOTAL</b>	<b>5.000,33</b>

No documento de formulación do proxecto xúntase un detalle polo miúdo das partidas incluídas no orzamento de gastos.

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto coas achegas máximas que se indican no cadro seguinte:

CONCEPTO	PARTIDA	ORZAMENTO	ACHEGA	COEF.FINANC.
OBRAS E EQUIPAMENTO	0103/232B/781	39.030,00 €	31.024,95 €	79,49%

ACTIVIDADES	0103/232B/481	5.000,33 €	3.974,76 €	79,49%
-------------	---------------	------------	------------	--------

2. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

3. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,49 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito á súa percepción.

4. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

5. Os importes do financiamento provincial poderán facerse efectivos con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas no apartado 1 anterior, nas que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre as que se contabilizou as correspondentes retencións de crédito.

6. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

7. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria ou á súa contraparte ou socio local, o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Se o custe das obras ou prestacións supera os 18.000,00 €, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria ou á súa contraparte ou socio local, deberán solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores e provedores de bens ou servizos. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das obras e actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

## VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria nos termos que se indican a continuación:

1.1. Primeiro prazo.- A entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, co carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 40 % da achega concedida (14.000,00 €), unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 48ª e 56ª das de execución do presuposto provincial para 2012, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

1.1.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

1.1.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

1.1.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto de acceso a unha educación primaria de calidade no leste do Chad”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

1.1.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.1.2.3. Compromiso de colaboración da contraparte local, en virtude do cal esta se compromete coa beneficiaria a colaborar na execución do proxecto, nos termos do presente convenio.

1.2. O resto da achega poderá fraccionarse en dous prazos, tendo en conta o seguinte:

1.2.1. Segundo prazo.- Por importe do 40 % da achega concedida (14.000,00 €), con carácter de anticipo prepagable, para o que a beneficiaria deberá xustificar o emprego da achega librada como primeiro prazo, é dicir, a realización de gastos por importe mínimo do 40 % do proxecto, mediante a presentación da seguinte documentación:

1.2.1.1. Informe de execución intermedio, suscrito polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Este informe acompañarase dunha reportaxe fotográfica das actividades e obras realizadas.

1.2.1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago.

1.2.1.3. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.2.1.4. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.2.1.5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.2.2. Terceiro prazo.- Por importe restante da achega concedida, para o que a beneficiaria deberá completar a execución do proxecto, mediante a presentación da seguinte documentación:

1.2.2.1. Informe de execución final, suscrito polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A este informe se acompañará unha reportaxe fotográfica das actividades e obras realizadas.

1.2.2.2. Actas de recepción das obras e equipamentos obxecto do convenio, asinadas pola contraparte ou socio local (“Servizo Xesuíta a Refuxiados no Chad”) e polos representantes ou líderes/sas das comunidades locais de Goz-Beida e Koukou, así como compromiso por parte destas de dedicar as infraestruturas recibidas á finalidade para a que foron realizadas durante dez anos máis.

1.2.2.3. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

1.2.2.4. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.2.2.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.2.2.6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.2.2.7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.2.2.8. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar rematadas antes do 30.07.2013, é dicir, TRES MESES antes da finalización do período de vixencia do presente convenio, establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación final á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións establecidas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

## XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.06.2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.10.2013.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.08.2013, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2013. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data

3. Tamén, por acordo expreso da dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data .... de ..... do 2012.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da *Fundación  
Entreculturais – Fe y Alegría*

D. Diego Calvo Pouso

D. José Luis Presedo Díaz”

#### **36.-ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR DENUNCIAS CURSADAS POLO CONCELLO DE MIÑO POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de instrucción dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Miño.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**37.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CABANAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cabanas en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**38.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MAZARICOS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Mazaricos en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións e interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

### **39.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MIÑO EN MATERIA DA RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓNS DE TRÁFICO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Miño en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións impostas nos expedientes sancionadores polas denuncias cursadas polo Concello polas infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

### **40.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE SANTISO EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Santiso en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa pola recollida de lixo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**41.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE TEO EN RELACIÓN COA FACULTADE DE ESTABLECER ACORDOS E CONVENIOS COA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DO ESTADO EN MATERIA DE COLABORACIÓN E INSPECCIÓN EN RELACIÓN CO IBI.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Teo en relación coa seguinte materia:

- A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre bens inmobles.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**42.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2012, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2012).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

Segundo: Dispor que se proceda á publicación na páxina web da Deputación da documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

Terceiro: Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

**43.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DA FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2011.**

A Corporación toma coñecemento do seguinte:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior dos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2011, na aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da Base 33 das de execución do Orzamento para o exercicio 2011 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación.”

#### **44.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO 2011.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar a Conta Xeral do Presuposto da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2011, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita conta.

2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirle á *Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais* a conta unha vez aprobada definitivamente.”

#### **45.-APROBAR O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4.**

##### INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Non estamos de acordo en que neste expediente de modificación de crédito asumamos competencias do Ministerio do Interior como é a renovación das casas cuartel na provincia, eu creo que isto é incoherente, eu creo que á Deputación chégalle dabondo con asumir as propias competencias que ten que exercer na provincia, sen andar asumindo máis competencias das que debe ter. En todo caso o noso grupo vai absterse neste punto.

### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, o noso sentido de voto vai ser tamén de abstención. Como xa explicamos na Comisión estamos a favor, como non podía ser doutra forma, porque aprobamos entre outras cousas neste expediente de crédito unha partida de 24 millóns de euros para financiar este Plan especial aos concellos, pero tamén queriamos facer referencia ao tema no que interveu o Sr. portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Recoñecemos a labor que desempeña na nosa provincia e en Galicia a Garda Civil e é unha labor encomiable, e resaltamos que desde sempre a Deputación tivo unha magnífica colaboración coa Garda Civil en todo aquilo que precisaron, pero estamos a vivir momentos de dificultade, unha grave crise económica que fai que os ingresos públicos caian e, en consecuencia, que os concellos e esta Deputación cada vez dispoñan de menos recursos, e nestes momentos creo que é bo lembrar o refrán español, aquel tan castizo que di “zapateiro aos teus zapatos”, a Garda Civil é unha competencia do Goberno da nación, é unha competencia do Estado e, por tanto, as carencias, as necesidades ou as demandas financeiras que faga a Garda Civil terán que ser sufragadas a través dos Orzamentos Xerais do Estado. Dicimos isto, que nos vai a levar á nosa abstención, recoñecendo, como dicía, a labor encomiable que fai a Deputación e o desexo que penso que este Grupo ten de colaborar coa Garda Civil en todos os temas puntuais que sexan precisos para desenvolver a súa actividade, pero temas de investimento creo que deben de ser atendidos polo Goberno de España, que é o que ten as competencias e as responsabilidades sobre a Garda Civil. Por tanto, o noso voto será de abstención neste punto.

### Sr. Freire Abeijón

Este é un expediente de modificación de crédito que engloba, entre outros, unha serie de investimentos e, fundamentalmente, un plan dirixido aos 94 concellos da provincia, que establece un criterio de repartición mediante parámetros obxectivos ou obxectivables, que tiña unha previsión inicial de dedicar a este plan 16 millóns de euros, e que finalmente se materializa dedicándolle 24 millóns, un plan que é polivalente e variado para dar resposta ás distintas necesidades dos concellos da provincia, cunha flexibilidade suficiente para posibilitar a xustificación nun prazo reducido dentro desta anualidade, coa condición, ademais, de que o 50% ten a condición de prepagable, mellorando as condicións de tesourería dos concellos a través del, garantindo ademais o cofinanciamento para programas promovidos por outras administracións, e cunha planificación adecuada posibilitando incluso a redacción de proxectos para outros plans, pero sobre todo cremos que este expediente de modificación de créditos, a través deste plan demostra a efectividade desta Deputación provincial garantindo unha utilidade destas institucións cara aos cidadáns e cara aos concellos, compartindo investimentos e servizos tamén con outras administracións, e que ten, ao noso entender, unha utilidade maior que a que lle atribúe algunha deputada cando considera meros niños de corrupción a estas entidades provinciais.

Entendemos que esta é unha demostración da súa utilidade, da eficacia que pode supor para os concellos beneficiarios e, como dicían os portavoces dos dous grupos, hai investimentos que aínda que non son estritamente competencia desta Deputación, a posibilidade e a necesidade de artellar investimentos para desenvolver esas obras tan necesarias para un determinado colectivo, fai que fagamos tamén unha aposta nese sentido, co ánimo de posibilitar o seu desenvolvemento.

#### Sr. Presidente

Antes de pasar á votación, agradezo ese apoio a este plan que creo que realmente é algo bo para todos os concellos da nosa provincia, creo que todos os alcaldes, con independencia da cor política, van agradecer esta axuda que desde a Deputación se pode levar a cabo para eles, e ademais nun ámbito, ou digamos, que cunha flexibilidade moi importante para que poidan atender, que é como o teñen que facer, e que eles definan e aclaren, e decidan finalmente, cales son as obras que queren levar a cabo ou para que queren destinar este diñeiro, porque son eles os que mellor coñecen as necesidades de cada un dos concellos e, desde logo, moito mellor que calquera dos que esteamos aquí na Deputación.

Con respecto á inclusión de determinados asuntos nese expediente de modificación de créditos, que non sempre é competencia, eu pensei, Sr. Moreda, que se ía referir vostede ao financiamento que facemos, gustosamente, ao Concello de Ares e outros máis para unha escultura que onte mesmo se puxo, que era as vítimas de Mathausen, non sei se se pronuncia así, Sr. alcalde de Ares, pero en todo caso hai determinados servizos que cremos, ou hai determinadas obras ou momentos en que cremos que a Deputación ten que estar presente, pensei que se ía referir a ese. Pero referíndose á Garda Civil, eu creo que en todo o ámbito rural, para todos os concellos que depende a súa seguridade de calquera casa cuartel á que estea asignada, é fundamental ter esas instalacións ben, é certo que moitas destas instalacións son municipais incluso, e poderíamos mesmo, de feito algún alcalde manifestou a intención de que lle facilitásemos unha axuda para arranxar esas casas que son municipais, ou esas instalacións que son municipais, e asegurarse que ese servizo estea aí. Con independencia diso, loxicamente é opinable, e loxicamente cada grupo pode tomar a determinación que crea oportuna.

Eu agradezo de todas as maneiras o recoñecemento a ese plan que levamos a cabo, e creo que vai ser un recoñecemento unánime dos 94 alcaldes da provincia.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

## ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

**1.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 4/2012 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe de 34.512.303,38 € e que ofrece o seguinte resumo:

### A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

#### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	26.951.769,09
SC. Suplemento créditos:	7.560.534,29

**Total de aumentos: 34.512.303,38**

#### A.2) Baixas ( fontes de financiamento):

BA. Baixas de crédito noutras aplicacións:	1.948.853,85
MI. Maiores ingresos:	32.563.449,53

**Total financiamento: 34.512.303,38**

## **B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS**

### **B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos**

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	1.566.968,00	0,00
2. Gastos correntes	2.336.448,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	13.800.840,72	1.500.000,00
6. Investimentos reais	696.000,00	400.000,00
7. Transferencias de capital	13.612.046,66	48.853,85
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	2.500.000,00	0,00
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>34.512.303,38</b>	<b>1.948.853,85</b>

### **B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos**

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	32.563.449,53
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	
9. Pasivos financeiros	
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>32.563.449,53</b>

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento co disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.”

## **46.-MODIFICAR A BASE 47 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2012.**

### INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Nós cremos que se está focalizando mal a crise desde o Goberno do Estado. Evidentemente, nós non nos opomos a que se nos retraian as pagas extraordinarias, que se controle o gasto por asistencia a comisións, nin cremos que a clase política sexa a ocasionante da crise, nin cremos que os funcionarios e funcionarias públicos e traballadores no sector público, sexan quen teñan que pagar esa crise, oxalá fose tan fácil como suprimindo unha paga extra, ou modificando as axudas por asistencia dos políticos ás diferentes administracións públicas, se arranxase a crise. Eu creo que están focalizando mal o problema e, o que é peor, creo que están a sementar na sociedade un espírito antipolítico que só vai conseguir sementar un novo modelo de neofascismo.

Corre por aí que hai 475.000 políticos no Estado español, cunha mensaxe de pásao, crimiñándonos a todos. Eu quero dicir, á marxe das siglas políticas dos diferentes grupos, eu creo que ningún alcalde, nin ningún concelleiro é culpable desta crise, nin ten culpa, nin moito menos os funcionarios e funcionarias ao servizo das administracións públicas e os traballadores do sector público. Eu creo que se está facendo unha mala pedagogía do que é a crise. Non se está falando, en cambio, de que a maioría dos traballadores deste país cobran menos de 14.000 euros, e a maioría dos traballadores do Estado cobran algo menos de 16.000 euros. Tampouco se fala de que o 73% dos mozos gañan, os que traballan, que hai un 53% que está no paro, que cobran menos de 1.000 euros ao mes, e hai máis de 1.100.000 parados que non teñen ningún ingreso. Non se está falando tampouco, fábase de suprimir, en boa medida o pluralismo político, de facerlle pagar esta crise aos partidos políticos, aos sindicatos, que son alicerces básicos dun sistema democrático, e non se está falando para nada, e aquí algo si falamos no seu momento, nin da Igrexa, nin da Casa Real, nin da industria armamentística, nin da reconversión da débeda privada en pública, nin dos rescates aos bancos, ou do 400% do PIB. Deses 400% do PIB que representa a débeda do Estado español, só o 16% é débeda pública, o 21% é débeda das familias, e o resto é débeda privada, sobre todo financeira.

Eu creo que o estamos facendo mal, e que se están tomando malas decisións a nivel do Goberno do Estado, e creo que é máis necesaria que nunca a política, porque non todos vemos esta crise da mesma maneira, nin todos estamos a propor os mesmos remedios para solucionar a crise. Decía o ministro Montoro que o déficit público, reduciilo, é condición indispensable para saír da crise e recuperar a confianza dos mercados. Isto é unha falacia, aquí non se trata de que o Estado español supere a crise, aquí trátase de que os bancos alemáns, culpables en boa parte de financiar a burbulla inmobiliaria que houbo en España, recuperen o que gastaron aquí cun interese, por certo, bastante alto.

O nexo común de todos os Estados intervidos da Unión Europea, está claro, España, Grecia, Portugal, Irlanda, son Estados pobres, cun gasto público e un gasto social por habitante, dos máis baixos de Europa, son escasos os ingresos ao Estado, teñen unha pésima fiscalidade. Son pouco redistributivos, son os menos redistributivos da eurozona, e teñen unha fiscalidade altamente regresiva, a máis regresiva de Europa. Nos últimos 50 anos, curiosamente, estiveron gobernados por forzas conservadoras, algo terá que ver todo isto. O Estado Español está na media europea do PIB, está no 94% da media, en cambio o gasto público está escasamente nun 72% da media. Se se correspondese o PIB co gasto público, o Estado español tería que gastar ao redor de 66.000 millóns de euros en gasto público, en manter o estado do benestar, que non gasta. Isto quere dicir dúas cousas moi claras, que hai unha fiscalidade pésima. En todo caso, é tan importante a política, Sras. e Sres. deputados, que hai maneiras e maneiras de facer receitas para esta crise, moi diferentes das que se están tomando, aquí optouse por conxelar as pensións, para recuperar en principio 1.200 millóns de euros, poderíase reverter a baixada dos impostos de sucesións, que nos axudarían a recadar xustamente o dobre, 2.552 millóns de euros. Recórtanse 7.000 millóns de euros en sanidade pública, no repago da sanidade pública, en lugar de eliminar a redución do imposto de sociedades das empresas que recadan máis de 150 millóns de euros ao ano, que significan escasamente o 0,12% das empresas que existen no Estado español, co que se recadaría 5.600 millóns de euros, óptase polo repago sanitario, como dicía, no canto de aumentar un imposto ás SICAP.

Auméntase o IVE, os impostos indirectos que imos ter que pagar todas e todos os cidadáns, en lugar de regulamentar un imposto de sociedades no nivel do 35% para as empresas que gañan máis dun millón de euros ao ano, o que significaría nin máis nin menos que 14.000 millóns de euros de ingresos ao ano. Destrúese e se criminaliza o emprego público, criminalízase aos funcionarios, funcionarias, persoal laboral ao servizo das Administracións públicas, pero en cambio non se articula nin se establece ningún imposto para as transaccións financeiras, como veñen pedindo os sindicatos de Inspectores e Técnicos de Facenda, co que se recadaría ao redor de 5.000 millóns ao ano.

En lugar de reducir o benestar, o estado do benestar e os ingresos do Estado aos estados do benestar das Comunidades Autónomas, poderíase reducir a economía mergullada en só 10 puntos, e recadariamos 38.500 millóns de euros máis.

Aquí a crise non é unha crise política, nin os alcaldes nin concelleiros, sexan da forza política que sexan, teñen a culpa desta crise, aquí a culpa tena o capital financeiro, a mala xestión das entidades financeiras, e a evasión de impostos que vostedes decidiron que había que perdoar, e que mesmo que había que deixar no anonimato aos delinquentes que evadían divisas a paraísos fiscais. A evasión de impostos de grandes empresas significa 43.710 millóns de euros ao ano, as 28.000 empresas que facturan máis de 6 millóns de euros son as que máis defraudan ao fisco no Estado español, un 6% do PIB do 2010. O 72% da fraude fiscal provén das grandes fortunas, das grandes empresas e, maioritariamente, da banca. Son 250.000 millóns de

euros os que se evaden a paraísos fiscais. O IRPF, a tributación en España, é curiosa, o 45% do IRPF recádase a través das rendas do traballo, das nóminas dos asalariados e asalariadas, só o 21% se recada a través das rendas de capital.

Eu creo que o estamos facendo francamente mal, e creo que estamos criminalizando a unha clase política que non son 475.000 persoas, senón que son escasamente 80.000, dos cales o 90% non cobran salario, e por ir ás cotas máis altas da representación política, o presidente do Goberno do Estado español é o presidente do Goberno que menos cobra na eurozona. Os deputados e deputadas do Congreso son os deputados peor pagados da eurozona, esta non é unha crise política, é unha crise financeira, e non se merecen os funcionarios e funcionarias públicas, que se lles retraian as pagas extraordinarias, porque non teñen culpa de todo isto, pero tampouco se pode criminalizar aos alcaldes, alcaldesas, concelleiras e concelleiras do Estado, e moito menos de Galicia, como é unha falacia tamén que vivísemos por riba das nosas posibilidades. Viviu un galego ou unha galega por encima das súas posibilidades tendo as pensións máis baixas do Estado, tendo os salarios máis baixos do Estado?, seica é vivir por riba das posibilidades que unha persoa teña unha casa digna onde vivir con auga corrente, electricidade e saneamento, ou se poida ir de vacacións un mes?, iso é vivir por riba das posibilidades?, por riba das posibilidades vivirían outros, o capital financeiro, que agora parece ser que temos que pagar toda esta “desfeita” outras persoas, pois non, nós dicimos que non, que non debería ser así, e é máis, dicimos que se está ocultando e que se está cargando o foco sobre a clase política cando esta crise ten nome e apelidos, e eses nomes e apelidos merecían ser coñecidos e serían tamén os que deberían de pagala. Moitas grazas.

#### Sr. Freire Abeijón

Sr. Regueira, non tiñamos un obxectivo tan ambicioso cando expomos a aprobación da redución do 7% da contía das indemnizacións dos membros do Pleno, Xunta de Goberno e Comisións Informativas, e non pretendiamos con iso establecer se era a solución final a unha crise, senón que o que pretendiamos era manter unha liña de consonancia e congruencia coas medidas aplicadas aos empregados públicos, aplicando unha redución semellante, e efectivamente de non atopármonos con situacións onde a débeda pública declarada era do 6% e finalmente se convertía nun 9% , ou onde existían unha serie de circunstancias que fan que non quede máis remedio a un Goberno que tomar determinadas decisións para poder canalizar de novo a situación, e o que pretendemos, aínda que un gran non fai celeiro, e posiblemente esta medida non vai arranxar a situación económica deste país, pero o que si é preciso é mandar mensaxes á sociedade, mensaxes de consecuencia e congruencia coas medidas aplicadas tamén aos empregados públicos, por ese motivo expónse esa redución, e esperamos que polo menos sirva para achegar na mesma medida que fan outros empregados públicos.

## ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Que leven a cabo as actuacións necesarias para materializar o previsto no apartado 1 da Base 47 de execución do Orzamento provincial do ano 2012 en relación co establecido no Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

2º) Modificar as contías das indemnizacións pola preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial, reducindo o seu importe actual nun 7%, de tal modo que queden establecidas nos importes que a continuación se indican:

<i>ORGANOS</i>	<i>ACTUAIS</i>	<i>DECREMENTO 7%</i>	<i>NOVAS</i>
<i>PLENO</i>	<i>591</i>	<i>41</i>	<i>550</i>
<i>XUNTA DE GOBERNO</i>	<i>370</i>	<i>25</i>	<i>345</i>
<i>COMISIONS INFORMATIVAS</i>	<i>370</i>	<i>25</i>	<i>345</i>

Os importes indicados aplicásenlle ás asistencias que se perciban a partir de 1 de agosto de 2012.

Para dar cumprimento a estes acordos sométese á aprobación do Pleno provincial a modificación do apartado 2 da Base 47ª das Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2012, nos termos expresados no apartado 2º da presente proposta.”

### **47.-MODIFICAR A BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación da Base 49ª de execución do Orzamento provincial.

1º.1. **Incorporar** ás subvencións nominativas recollidas na Base 49ª do Orzamento Provincial do exercicio 2012 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0202/334A/762.01	Concello de Ares	P1500400E	Homenaxe aos veciños presos en Mauthausen	15.000,00	22.780,00	65,85
0202/342A/762.01	Concello de Neda	P1505600E	Proxecto de pintado de pistas e reparación da cuberta do pavillón polideportivo de San Nicolás.	53.283,12	53.283,12	100,00
0202/453D/762.01	Concello de Sobrado	P1508100C	Acondicionamento de viais en Porta e Codesoso	110.000,00	110.000,00	100,00
0305/414B/481	Confederación de Empresarios Ferrolterra, Eume e Ortegal COFER	G70199112	Accións de información, difusión, formación, estudos e promoción.	50.000,00	62.500,00	80,00
0601/334B/481	Arcebispado de Santiago	R1500020A	Pintado Igrexa Sto. Domingo de Betanzos	7.484,10	7.484,10	100,00
0601/341A/462.01	Concello da Coruña	P1503000J	Celebración da Regata “Tall Ships Race 2012”	80.000,00	102.510,40	78,04
0601/341A/481	Club Basquet Coruña	G15565054	Proxecto “ <i>Ciudad colaboradora Mundo Basket 2014</i> ”.	45.000,00	58.100,00	77,45
0601/341A/481	Hockey Club Liceo	G15075278	Actividades ano 2012	65.000,00	82.000,00	79,27
0701/231G/481	Fundación Amigos de Galicia O Grelo	G15859911	Plan de cobertura de necesidades básicas das persoas carentes de recursos económicos da Coruña.	5.000,00	812.574,25	0,62
0701/231G/781	Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga ACLAD	G15037187	Adquisición de material terapéutico	32.262,00	40.327,49	80,00
0701/232A/462.01	Concello de Carballo	P1501900C	Mantemento da Unidade Asitencial de Drogodependencia	18.850,93	234.788,93	8,03

1º.2. **Modificar** as subvencións nominativas seguintes:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE ACHEGA
0305/422B/467.00	Consortio Profeiras de Ferrol (FIMO)(1)	V15060478	Achega ano 2012	250.000,00
0601/334A/480	Fundación Ortegalia (2)	G15739063	Actividades culturais. Ano 2012	55.000,00

(1) Incrementábase en 130.000,00 o importe da subvención (antes: 120.000,00).

(2) Incrementábase en 15.000,00 o importe da subvención (antes: 40.000,00)

**2º.-** Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

**48.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO PARA O TALLER OCUPACIONAL 2 E ÁREA DE SERVIZOS COMÚNS NO CENTRO DE RECURSOS DO BARBANZA PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Asociación AMBAR das Persoas con Diversidade Funcional, para o financiamento das obras de construción e equipamento para taller ocupacional 2 e área de servizos comúns no centro de recursos do Barbanza para persoas con diversidade funcional.
2. No convenio citado recolleranse as observacións contidas no informe da Intervención provincial que figura no expediente.
3. Facultar a Presidencia para a execución do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO PARA TALLER OCUPACIONAL 2 E ÁREA DE SERVIZOS COMÚNS NO CENTRO DE RECURSOS DO BARBANZA PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

A Coruña,

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Dona Milagros Rey Pérez presidenta da entidade Asociación Ambar das persoas con diversidade funcional con CIF G-15052434

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade AMBAR ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, con CIF G-15052434, para o financiamento DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO PARA TALLER OCUPACIONAL II E ÁREA DE SERVIZOS COMÚNS NO CENTRO DE RECURSOS DO BARBANZA PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, tal e como aparece definida a obra no proxecto de execución do Centro ocupacional e de Formación de Minusválidos en Frións, Carreira (Ribeira), redactado por Dona Ana Isabel Ecurís Villanustre, colexiada núm. 2482, que foi visado polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, o 23 de abril de 2003.

A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra interior, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, especificase co seguinte detalle:

CONCEPTO	ORZAMENTO
<b>CAPÍTULOS DE OBRA</b>	
MOVEMENTO DE TERRAS	1.346,80 €
CIMENTACIÓN	23.143,29 €
ESTRUTURA E CERRAMENTO PREFABRICADO	22.930,00 €
CUBERTA	34.176,76 €
CERRAMENTO E ALBANELERÍA	41.667,17 €
ACABADOS E SOLADOS	44.347,66 €
CARPINTERÍA	22.929,00 €
PINTURAS E REVESTIMENTOS DE FACHADA	6.050,00 €
SANEAMENTO	2.422,00 €
FONTANERÍA E APARATOS SANITARIOS	24.138,15 €
ELECTRICIDADE E VOZ-DATOS	41.781,34 €
CALEFACCIÓN	18.381,94€
CONTRAINCENDIOS	6.689,88€

EQUIPAMENTOS (90 taquillas, 63 percheiros, 4 bancadas duchas c/respaldo, 4 bancadas duchas sen respaldo, 2 espellos baños, 2 armarios baños, 8 antideslizantes solo)	8.711,37€
EQUIPAMENTO INFORMÁTICO (2 ordenadores, 2 teclados logitech, 2 rato logitech, 2 monitores Samsung, 2 cisco Acces Point, 1 cisco Switch)	1.528,03€
SEGURIDADE E SAÚDE	4.000,00€
IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL	304.243,39€
GASTOS XERAIS AO 13%	39.551,64€
BENEFICIO INDUSTRIAL AO 6%	18.254,60€
BASE IMPOÑIBLE	362.049,63€
IVE AO 18%	65.168,93€
TOTAL ORZADO	427.218,56€

### **III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

A Deputación da Coruña financiará o orzamento de construción e axardinamento, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000 €, o que representa unha porcentaxe do 23,41% do total orzado.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 23,41% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

2.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrência de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.Na condición de promotor, corresponderalle á ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.Con carácter previo á contratación, A ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.Durante a execución das obras e ata o remate do período de vixencia e recepción, A ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

#### **VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN**

1.A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

##### **PARA A XUSTIFICACIÓN DA OBRA E DO AXARDINAMENTO**

- Copia do contrato e do expediente de contratación
- Certificación de obra subscria polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación de aprobación polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

1. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

A ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.2 de publicidade.

## **VII.-TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, a ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a AMBAR da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá

dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a

efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA será remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos dende o 1 de setembro de 2010 e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2012.

2.Logo da solicitude previa ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN AMBAR  
DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

Diego Calvo Pouso

Milagros Rey Pérez

### **INFORME DE INTERVENCIÓN**

009

Nº EXPEDIENTE: FINOBR 2011/7

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, NIF: G15052434 PARA OBRAS, EQUIPAMENTO TALLER ÁREA SERVICIOS CENTRO BARBANZA.

DESTINO: SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN  
UNIDADE : SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

Documentación que consta no expediente:

- Informe de SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS do 27/03/2012, conformado polo xefe de servizo
- Orzamento
- Informe do secretario xeral do 16/08/2011.
- Informe do Servizo de Patrimonio e Contratación do 16/08/2011.
- Proxecto técnico
- Texto do convenio tipo aprobado polo Pleno
- En cumprimento do establecido no art. 34.5 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no expediente acredítase que o beneficiario está ao corrente no cumprimento das súas obrigas:

- tributarias
- fronte á Seguridade Social
- fiscais coa Deputación

Esta comprobación realízase de forma telemática con base nos datos proporcionados a través do programa de “Certificacións de terceiros”.

#### Fiscalización do convenio

1.- O obxecto do presente convenio, para ASOCIACION AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, é OBRAS EQUIPAMENTO TALLER ÁREA SERVIZOS CENTRO BARBANZA.

2.- O orzamento de gastos do presente convenio é o seguinte:

Concepto	Importe
P.E.M.	304.243,39 €
Gastos xerais	39.551,64 €
Beneficio industrial	18.254,60 €
IVE	65.168,93 €

TOTAL: 427.218,56 €

3.- A achega provincial ascende a 100.000,00 euros, por tanto, e considerando que o orzamento total ascende a 427.218,56 € euros, supón un coeficiente de financiamento do 23,410 %.

4.- No convenio establécese que a súa vixencia será desde o 1 de setembro de 2010 ata o 31 de outubro de 2012.

Por tanto, outórganselle efectos retroactivos, polo que convén lembrar o establecido no artigo 2, apartado 1b, da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no que se sinala a posibilidade de que as actividades obxecto de subvención sexan realizadas ou estean por desenvolver.

#### Existencia de crédito

Existe crédito na partida 0701/231E/781 do vixente orzamento por importe de 100.000,00 € euros no documento contable RC nº de operación 220110000173 do 15/02/2012 (nº de referencia 22011000692) para facer fronte ao presente gasto que ascende a 100.000,00 € euros.

#### Lexislación aplicable

1.- Lei 38/2003 , do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.- Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

4.- Bases nº 48 a 61 das de execución do orzamento.

#### Órgano competente

O órgano competente para aprobar o presente convenio de acordo co establecido nas bases de execución, é o Pleno da Corporación.

#### Observacións

1.- Indícase que de conformidade co establecido no art. 19.3 da Lei 38/2003 xeral de subvencións B.O.E. núm. 276 do 18/11/03), o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

No suposto de superar o custo da actividade subvencionada procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente, de conformidade co establecido no art. 37.3 da lei anteriormente citada.

2.- Así mesmo,ponse de manifesto que se ben o art. 22.2 da Lei xeral de subvencións e os arts. 65 a 67 do Regulamento do citado texto legal contemplan a posibilidade de outorgar subvencións nominativas de concesión directa, debe lembrarse que os principios xerais para a súa concesión son os de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e só razóns extraordinarias de interese público que deben acreditarse expresamente poden xustificar a súa excepción. Na documentación achegada non se inclúe a motivación e acreditación das causas que xustifican a subvención nominativa proposta, a contía outorgada e a imposibilidade ou non conveniencia de participar nos programas xerais de convocatoria pública.

3.- En relación co prazo de xustificación, e co obxecto de imputar adecuadamente os créditos ao orzamento que correspondan, e así evitar dilacións excesivas e prórrogas, de feito que superen en exceso os prazos sinalados no artigo 49 da Lei 30/1992, sería conveniente que, de acordo co estipulado no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 30/2003 xeral de subvencións, unha vez transcorra o prazo establecido para a xustificación da subvención obxecto do presente informe, sen que se achegue a documentación acreditativa desta, se requira ao beneficiario para que a presente no improrrogable prazo de 15 días, indicándolle que, de non achegala no devandito prazo, perderá o dereito á cobranza total ou parcial da subvención, e no seu caso, esixiráselle o reintegro, ademais das responsabilidades establecidas na Lei 38/2003. A presentación neste prazo adicional non eximirá ao beneficiario das sancións que correspondan.

#### En relación ao proxecto e certificacións de obra presentadas

3. No expediente figura un proxecto técnico redactado en abril de 2003 por D<sup>a</sup>. Ana Isabel Ecurís Villanustre. Este proxecto, que é o que figura no apartado I do convenio, foi achegado como base para a execución da "II<sup>a</sup> Fase das obras de construción e equipamento para taller ocupacional e área de servizos comúns no centro de recursos do Barbanza para persoas e taller ocupacional", e non concorda co orzamento de execución de obras que figura no apartado II do devandito convenio.
4. A directora de obras e redactora do proxecto certifica, o 12 de xuño de 2012 que esta fase consiste nunha desagregación do proxecto técnico único antes referido, aínda que en ningún momento no proxecto se indica cales son as unidades de obra correspondentes á primeira, segunda ou posteriores fases da obra. Segundo a documentación achegada, o total da obra, que nun primeiro momento ascendía a 778.199,94 € elevarase, á finalización da quinta fase prevista, a 2.169.033,43 €.

5. Tamén se achega ao expediente unha fotocopia simple do orzamento de execución da empresa Serdeco Contratas do 23 de xullo de 2010 que, a teor das certificacións de obra, que non están asinadas polo director de obra nin polo contratista, e facturas incluídas serviu como base para a execución desta segunda fase obxecto do convenio. Tanto o orzamento de Serdeco como as certificacións e facturas achegadas difiren notablemente en prezos e unidades de obra do proxecto técnico mencionado no primeiro punto. Por tanto, ao non estar definidas con precisión as obras executadas segundo un proxecto anterior, esta Intervención non pode fiscalizar se o resultado económico da obra executada se corresponde co obxecto exacto do convenio.
6. Inclúese ademais, unha relación de variacións correspondentes a melloras e maioracións entre o orzamento de execución e o orzamento de contrata da empresa Serdeco, asinada por D. Juan Carlos Ecurís Villa que non detalla as variacións en prezos nin en unidades de obra. Tampouco se concreta no expediente que relación ten o asinante coa execución da obra.
7. No orzamento de Serdeco, equipamento sociosanitario e informático, que non debe ir no mesmo orzamento da obra como indica o art. 125 do RLCAP. Este equipamento debe ser contratado á parte para que o seu prezo non se incremente nas porcentaxes correspondentes a gastos xerais e beneficio industrial que se lles aplica ás certificacións de obra.

En relación ao borrador do convenio

No expediente achégase un borrador de convenio, sen rubricar e que contén varios erros:

1. Como xa se mencionou, o orzamento das obras que figura no punto II do convenio non coincide co proxecto mencionado no punto I.
2. A non inclusión de equipamentos do orzamento do punto II dentro do orzamento das obras fai que varíe o orzamento total e, por tanto, o coeficiente de financiamento.
3. Na proposta da unidade xestora figura como achega provincial a cantidade de 97.218,56 €, que é a que solicita a entidade, pero no texto do convenio a achega ascende a 100.000 €, co que varía o coeficiente de financiamento.
4. Faltan os puntos IV.3 e V.2
5. O prazo de vixencia do convenio non coincide co da proposta.

## **0.** Outra documentación

5. A asociación Ámbar presenta un certificado de 30 de xaneiro de 2012 polo que adquiren o compromiso de manter os bens obxecto da subvención afectos aos fins para os que foi concedida a subvención por un prazo de dous anos, no canto do período mínimo de 10 anos que establecen as Bases de execución do orzamento.

6. O compromiso de publicidade que envía a asociación só fai referencia ao ano 2011, e ademais non especifica en que consistirá a dita publicidade.

Existencia de crédito: incumprimento do principio de imputación temporal dos créditos orzamentarios.

Para atender o presente gasto, existe crédito suficiente na aplicación orzamentaria 0701/231E/781, está retido o crédito por importe de 100.000 euros (Nº de operación 220110000180). O devandito crédito provén do exercicio orzamentario 2011, incorporándose ao presente exercicio en virtude do disposto no artigo 47.1 c) do Real decreto 500/90, polo que se desenvolve regulamentariamente a Lei de facendas locais en materia de orzamentos (créditos o exercicio anterior que financian operacións de capital).

No entanto, hase de informar que, tal como consta no propio expediente, as obras que se han financiar xa foron executadas no ano 2011, exercicio no que foi dotado o crédito orzamentario e acordada a inclusión da subvención nominativa nas Bases de Execución do Orzamento provincial; con todo, no devandito exercicio non se chegou a conceder a subvención mediante a correspondente resolución e a asinar o convenio como instrumento regulador dos dereitos e obrigacións das partes, polo que o gasto non chegou a comprometerse. En consecuencia, ao imputar agora o gasto ao exercicio presupostario 2012 e posteriormente a obrigación –cando a entidade presente a conta xustificativa-, producirase un incumprimento do principio de imputación temporal dos gastos establecido no artigo 176 do Texto refundido da Lei de facendas locais, receptos que dispón literalmente que “con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras e servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Sobre o incumprimento do principio exposto anteriormente ha de pronunciarse expresamente o Pleno da Corporación, órgano competente para aprobar o orzamento, aprobando, no seu caso, a excepcionalidade á súa aplicación, valorando o interese público existente en subvencionar agora obras xa realizadas no exercicio anterior. De non excepcionarse o devandito principio, o presente informe tería o carácter de reparo de legalidade á proposta presentada, segundo o disposto no artigo 215 e 216.c do TRLFL.

Así mesmo, non estando definidas as unidades de obra con precisión, emítase informe desfavorable sobre este punto, co carácter e efectos dispostos nos preceptos citados.

## Observacións complementarias

- Reitérase o contido do informe da Intervención ao Orzamento provincial no que se refire ás subvencións nominativas, cuxo teor literal é o seguinte:

*“Como xa se indicou, as Bases 49ª e 50ª contemplan o réxime xurídico particular aplicable ás subvencións nominativas, que se outorgarán durante o exercicio 2012, indicando os perceptores e os importes outorgados*

*Nas bases expresadas tamén se recollen distintas normas xerais sobre as devanditas subvencións nominativas co fin de adecuar o seu contido ao disposto na Lei e no Regulamento xeral de subvencións, na Lei de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.*

*En relación con estas propostas hei de significar que, unha vez que o expediente orzamentario sexa firme e executivo, tramitaranse os correspondentes expedientes administrativos. En todo caso, nos expedientes que se tramiten acreditaranse as razóns singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación dispostos na normativa xeral de subvencións para este tipo de gastos.*

*Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente de acordo coas normas de aplicación, pode excepcionarse a xeral aplicación dos principios citados. Na documentación que se adxunta ao expediente orzamentario que se tramita, non se expresan os motivos de interese xeral que determinan as propostas obxecto de informe, as especiais circunstancias concorrentes ou as excepcionais condicións de cualificación técnica, artística, cultural ou científica das entidades destinatarias que xustifiquen a excepción aos principios xerais expresados. Faise por tanto necesario incorporar a documentación suficiente que faga posible formar criterio sobre os aspectos esenciais que permitan valorar a súa adecuación ao ordenamento xurídico: Estatutos das entidades beneficiarias; acreditación de que ditas entidades estean ao corrente nas súas obrigacións tributarias, coa seguridade social e coa propia Deputación, definición xurídica, técnica e económica das actividades ou investimentos que se han realizar, o orzamento detallado, a porcentaxe de financiamento provincial e a axustada clasificación orzamentaria. En consecuencia, a documentación preceptiva e a acreditación dos puntos relevantes previstos na Lei xeral e no Regulamento da Lei de subvencións, na Lei de subvencións de Galicia e nas Bases de execución do orzamento provincial e a motivación das razóns excepcionais que xustifican a súa concesión sen concorrencia, débense incorporar aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial como requisito para a súa válida adopción xunto coa acreditación de que non se están realizando actividades propias ou reservadas á competencia doutras administracións públicas. Tamén resulta necesario motivar o coeficiente de financiamento previsto, en todo caso, e especialmente, naqueles casos nos que se supera o 80% do orzamento da actividade ou investimento subvencionado e en todo caso, expresar os criterios nos que se basea a cuantificación da subvención provincial. Esta motivación esixirase nas propias Bases de Execución do orzamento provincial (Base 49) e resulta necesaria nos supostos de financiamento do 100 por 100 do orzamento da actividade ou investimento subvencionado*

*En definitiva, a non acreditación das razóns excepcionais que xustifican a atribución nominativa da subvención, do seu importe ou do seu coeficiente de financiamento, supón non atender ao establecido nos artigos 9 e 103 da Constitución Española, no artigo 54 e a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común e nas normas estatais e autonómicas reguladoras das subvencións públicas, e por tanto, pode constituír un dos supostos recollidos no artigo 216.2.c) do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Pola transcendencia xurídica do exposto debe insistirse na necesidade de incorporar a motivación correspondente e a acreditación das razóns singulares e excepcionais de interese público que concorren nas entidades e nas actividades subvencionadas para a*

*non aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, para cuantificar o importe total da subvención outorgada e para determinar o coeficiente de financiamento, en todo caso, e especialmente, cando supoña o 80% do orzamento subvencionado e, aínda máis, cando ascenda ao 100% do orzamento do investimento da actividade obxecto de subvención.*

*Aprovéitase a ocasión para reiterar o manifestado en informes anteriores no sentido de que se ben o artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións e os artigos 65 a 67 do Regulamento dela contempla a posibilidade de outorgar subvencións nominativas, de concesión directa, debe lembrarse que os principios xerais para a súa concesión son os de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e só razóns extraordinarias de interese público que deben acreditarse expresamente poden xustificar a súa excepcionalidade. Na documentación achegada para a elaboración do Orzamento provincial do exercicio 2012 non se inclúe a motivación e acreditación das causas que xustifican as subvencións nominativas, a contía outorgada, a imposibilidade ou non conveniencia de participar nos programas xerais de convocatoria pública, o orzamento da actividade subvencionada nin ningún outro elemento relevante para valorar a súa adecuada definición xurídica, económica ou orzamentaria. Entre as dotacións destinadas a subvencións nominativas existen destinatarios diferentes:*

- A) Concellos: Consorcios e outras formas asociativas e organizativas de entidades locais: Neste apartado debe reiterarse que a forma normal de cooperación provincial ás obras e servizos municipais é a dos Plans provinciais aos que se refire o artigo 36 da Lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 110 da Lei de administración local de Galicia, que requiren o establecemento de criterios obxectivos e xerais de asignación dos recursos públicos provinciais. Baseadas nos datos e información dispoñible na Enquisa de Infraestruturas e equipamentos locais. Por tanto, no expediente administrativo a través do cal se tramite o oportuno convenio interadministrativo deberanse acreditar as razóns excepcionais de interese público que impiden ou fan que non sexa conveniente a actuación a través dos Plans provinciais ou mediante os programas xerais de subvencións dirixidos a todos os concellos da provincia e que non permiten, en definitiva, a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación.*
- B) Entidades públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro. Polo que se refire ás achegas provinciais a outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro deben tomarse en consideración os citados principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación recollidos na Lei xeral de subvencións, no seu Regulamento de desenvolvemento e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente conforme as normas de aplicación pode excepcionalmente a xeral aplicación de tales principios. Tal motivación debe incorporarse aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial como requisito para a súa válida adopción así como a determinación dos criterios de cuantificación de subvencións outorgadas e do coeficiente de financiamento proposto.*
- C) Cotas de participación da Deputación como socio, patrón ou partícipe de asociacións, fundacións e outras entidades públicas ou privadas: Tamén neste caso deben tomarse en consideración os principios xerais de obxectividade, publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e a acreditación, no seu caso, das razóns xurídicas, sociais ou humanitarias que imposibilitan a concorrencia efectiva. Igualmente, deberá acreditarse que non existen outras entidades que realicen as mesmas actividades e teñan as mesmas condicións obxectivas que as que se contemplan na Base 49 de Execución do Orzamento.*
- D) Subvencións finalistas a fundacións: O número de destinatarios e os fins, xeralmente culturais, que se subvencionan parecen xustificar unha convocatoria pública específica*

*dirixida a este tipo de entidades, para asegurar a xeneralidade, igualdade e non discriminación das existentes que realicen parecida ou idénticas actividades de fomento literario, artístico ou científico, pois puideran existir outras fundacións con domicilio social na provincia que realizan actividades similares ás que se contemplan como beneficiarias de subvencións nominativas.*

*En todo caso parece necesaria a coordinación con outras Administracións públicas, de acordo co disposto reiteradamente no ordenamento xurídico vixente e particularmente no artigo 8 da Lei xeral de subvencións, e nos artigos, 1 a 15 do seu Regulamento, que se refiren á necesidade dun Plan estratéxico de subvencións que garanta a eficacia na asignación dos recursos públicos e a coordinación interadministrativa*

*A Lei de subvencións regula a concesión directa delas no seu artigo 26, que é do seguinte teor literal:*

*A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei. Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.*

*As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento o convenio que se autorice a subscribir, deberán axustarse ás previsións contidas nesta lei, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán como mínimo os seguintes puntos.:*

- a) Definición do obxectivo das subvencións, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acrediten o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.*
- b) Réxime xurídico aplicable.*
- c) Beneficiarios e modalidade da axuda*
- d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, polas entidades colaboradoras.*

*3.-A concesión de subvencións por importe superior a 150.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamento, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia”*

*Tamén deben formularse dúas consideracións adicionais sobre as subvencións nominativas contempladas na Base 49:*

- *Alguns dos beneficiarios designados percibiron subvencións nominativas en exercicios anteriores, acompáñase como anexo IV do presente informe un estado informativo das subvencións nominativas outorgadas nos exercicios 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009, 2010 e 2011.*
- *Non é posible emitir unha valoración xurídica e orzamentaria sobre a maior parte das subvencións propostas e, en consecuencia, faise imprescindible que con carácter previo aos acordos definitivos oportunos se remitan as propostas correspondentes aos Servizos Xurídicos e ao Servizo de Fiscalización da Intervención provincial para os previos e preceptivos informes.*

*Por todo o exposto, debe insistirse en que resulta imprescindible a tramitación administrativa posterior dos convenios ou acordos nos que se incorpore a motivación e a documentación necesaria, e se concreten os puntos esenciais das subvencións nominativas contempladas na base citada, é dicir:*

- *Identificación completa e adecuada do beneficiario da subvención e acreditación de que reúne todas as condicións para ter o carácter de beneficiario (personalidade xurídica, capacidade de obrar, compatibilidade, estar ao corrente nas súas obrigacións tributarias, e coa seguridade social, etc.)*
- *Definición precisa do obxecto, de forma que sexa posible a súa adecuada comprobación*
- *Orzamento detallado da actividade ou investimento que se ha realizar.*
- *Réxime xurídico aplicable en materia de xustificación documental, pagos, economías de execución, etc.*
- *Motivación do excepcional interese público que impida ou non faga aconsellable a publicidade e concorrencia.*
- *Criterios obxectivos de cuantificación do importe da achega provincial, do coeficiente de financiamento da devandita achega e, no seu caso, motivación excepcional se alcanza o 100 por 100 do custo da actividade.*
- *Prazo e forma de acreditar o cumprimento da finalidade pretendida,*
- *Compromisos recíprocos e os restantes puntos enumerados no último parágrafo da Base 49 de execución do orzamento provincial de auditoría do sector público e fai necesaria a dispoñibilidade dos medios persoais e materiais necesarios para a súa execución.”*

A Coruña, 23/07/2012

O xefe de servizo

O interventor xeral

Xullo Vila Domínguez

José Manuel Pardellas Rivera

(Abandona o salón a Sra. Rodríguez Rumbo)

## **ACTUACION DE CONTROL**

### **MOCIÓN**

#### **-Moción do Bloque Nacionalista Galego contra as medidas económicas e reforma do réxime local do goberno do PP.**

Coa conformidade do grupo proponente non se trata esta moción por quedar absorbida na declaración institucional leída ao inicio.

## ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

Aínda que sirva así de conto, quero dicirlle que nos furtaron o voto no punto 27, este portavoz levantou a man para intervir nese punto, ao final considerouse votado, foi por unanimidade, pero ben, vou tentar clarificar cal era nosa postura nese punto 27.

A nós, cando se nos informou de que a Deputación ía acometer un plan especial con criterios do POS para todos os concellos da provincia, considerámolo unha boa noticia, como a consideramos nestes momentos tamén unha boa noticia, cremos que facía falta e así o manifestamos. Na Comisión votamos a favor mesmo dese plan especial porque non coñeciamos a táboa distributiva dese plan. Nós tiñamos pensado nese punto 27, creo que é, manifestar o noso desexo de abstención nese punto, porque despois de examinar o cadro distributivo, evidentemente, o plan era necesario, estaba en que se faga ese plan, mesmo tiñamos pensado deixalo enriba da mesa, e tamén entendiamos que se fixese con criterios do POS, pero nós, despois de analizar as cifras, consideramos que aquí hai un cambio de temón claro, isto dista moito, é moi diferente do Plan de obras e servizos da Deputación. É curioso que hai 83 concellos de menos de 20.000 habitantes que reciben 1.546.000 euros menos na repartición, e curiosamente ese 1.546.000 euros é o que suma, por exemplo, a cidade, o Concello da Coruña. Está moi ben o nome, unha Deputación para todos os concellos, pero eu creo que máis que nunca poderíamos dicir que este plan é para uns concellos bastante máis que para outros e, curiosamente, é bastante máis para as tres grandes cidades que para os concellos pequenos, e é curioso tamén que aquí falemos moitísimas veces cando discutimos os que consideramos que as deputacións é unha administración que debería reformularse, ou debería desaparecer, e cando outros din que as deputacións están aí e serven xustamente para darlle servizo aos concellos de menos de 20.000 habitantes, cando realmente este plan é xustamente, ou así o demostran as cifras, para darlle servizo a tres grandes cidades, curiosamente gobernadas pola mesma cor política que a desta Deputación.

En todo caso, nós consideramos, seguimos considerando que o plan está ben, consideramos que os criterios de repartición están mal, e que deberían ser os mesmos do POS, e consideramos que os mesmos criterios do POS sería moito máis xusto. Dirán vostedes, pois o concello no cal vostede goberna sae ben parado, é o quinto na repartición, eu dígolle a vostedes, sae ben parado, pero perde o 26% dos fondos que lle corresponderían nun POS, perde un 26%, en cambio a cidade da Coruña gaña case un 920%, e a cidade de Compostela case un 154%, saímos ben parados segundo se mire, evidentemente.

Eu creo que a Deputación, se serve para algo, teñen vostedes razón, serve para darlles economías aos pequenos concellos, porque o criterio de poboación total dunha

cidade, as cidades xa están claramente beneficiadas noutro tipo de convenios, as cidades participan dos ingresos do Estado, as cidades teñen moitas formas de financiamento, por sorte, seguramente escasas agora mesmo, pero é que os concellos pequenos están asfixiados. Isto contribúe tamén á idea de que temos que suprimir os pequenos concellos, e iso repercute moi negativamente nas alcaldías destes pequenos concellos da nosa provincia, porque en Galicia a maioría dos concellos son de menos de 20.000 habitantes.

En todo caso, votado está, votamos a favor, queríámonos abster, pero tamén queremos facer un chamamento á reflexión por parte do Partido Popular, non nos parece xusto que nalgúns concellos, algún moi próximo ao meu, o Grupo municipal do Partido Popular presente unha moción no concello antes de que o alcalde coñecese que ía haber un plan especial, eu creo que debemos ter certa discreción, ou que algún deputado provincial nalgún concello da provincia presente unha emenda para gastar ese plan especial nese concello con criterios que van en contra das bases reguladoras do propio plan. Entón, eu pido que no seu momento tamén reflexionen entre vostedes e transmitan que houbo certo malestar nalgunhas alcaldías da zona pola introdución de mocións do Partido Popular, cando os propios alcaldes non sabían nin a cantidade, nin se ían ter plan especial ou non, iso chamou francamente a atención, a min chegaronme queixas.

No meu concello, por certo, houbo unha nota de prensa do Grupo municipal do Partido Popular, antes de que o alcalde tivese coñecemento do plan especial, xa dicíndonos onde debiamos de gastar ese diñeiro. En fin, votado está, eu levantei a man para intervir, queda intervido agora, tampouco pasa nada porque votásemos a favor, porque xa dicimos, é un plan necesario, pero consideramos que os criterios do POS serían bastante máis xustos, e gustaríanos debatelos antes.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Mire, no expediente de modificación de créditos eu non lle falei de Mathausen por unha razón simple, porque estou de acordo co monumento ás vítimas do nazismo, e creo que cabería felicitar ao alcalde de Ares por ter esa iniciativa. Eu estiven en Mathausen, e atendeume un antigo interno, un vello republicano español que estivo alí interno por loitar pola liberdade e a democracia na República española e por loitar en Europa para liberar a Europa do nazismo. Pero ese monumento ás vítimas do nazismo é moito máis que un recordatorio permanente a esas persoas, é un recordatorio permanente a todos os cidadáns, e tamén a nós, de que debemos coidar a democracia, de evitar que se deteriore a democracia, e debemos de evitalos cos nosos comentarios, cos nosos comportamentos, e coas nosas accións. Pero podería falar do expediente de modificación de créditos sen falar de Mathausen, podería dicir como se fai un discurso aprobando os orzamentos, dicindo que nestes momentos de dificultades retiramos fondos de subvencións para atender a investimentos nos concellos e agora se suplementan con 300.000 euros as partidas de Cultura, de Deportes, de Promoción Económica. Podería dicir dese expediente de modificación de créditos como unha

partida de 1.500.000 euros que estaba prevista para un plan chamado de emprego, que é un plan de contratación temporal, que se ía transferir aos concellos, e que estaba no capítulo IV de ingresos, está hoxe no capítulo I, porque vai contratar a Deputación, pero non quixen falar diso, porque entendín e dixen que co expediente estabamos de acordo, entre outras cousas, porque ía financiar un plan de 24 millóns de euros para os concellos. Por certo, plan que xunto con outras cousas, faime, a este Grupo Socialista, queremos deixar constancia da nosa preocupación por cambios leves que se están introducindo na Deputación, que poden levar a situacións, ao noso xuízo, non desexadas, e que non sabemos, esta é a pregunta, se é algo temporal ou é algo permanente.

Dicir que a distribución, os criterios de distribución que se aplican para o PEFO, chamado agora, o plan para todos os concellos, son os mesmos que os do POS, son substancialmente iguais, con algunhas modificacións, que ata parecen razoables, darlle máis importancia ao esforzo fiscal, se queres que che axude, axúdate ti primeiro, o que é sorprendente tamén é a pouca incidencia que ten o esforzo fiscal no Concello da Coruña en comparación con outros concellos da provincia, pero non hai aplicación dos criterios dos POS, porque aínda que se aplica a poboación un 30%, no POS aplícase só á poboación rural, e neste caso está a aplicarse á globalidade, á totalidade da poboación, e iso dá como resultado circunstancias tan chocantes como que o Concello da Coruña pasa de recibir, coa mesma cantidade do POS 167.000 euros, a recibir agora 1.703.000 euros, e incrementáanse substancialmente as achegas, a través deste plan, ao Concello de Santiago e ao Concello de Ferrol. É dicir, que dalgunha forma, se mantemos estes criterios de aplicación para o POS e a distribución de fondos que se poidan facer en sucesivos exercicios, estamos dalgunha maneira alterando a función da Deputación, que debe estar destinada aos concellos de menos de 20.000 habitantes, e concellos rurais, e non apoiar aos concellos grandes que teñen outras vías de financiamento e teñen outras posibilidades de acudir ao crédito.

Preocúpanos tamén neste cambio de orientación que se está facendo nesta Deputación, o cambio nos criterios de contratación do Plan de conservación de vías e obras provinciais, dos que falamos xa no Pleno anterior. Adxudícase, ou vaise adxudicar por procedemento negociado sen publicidade case 6 millóns de euros. A min gustaríame saber, e pediremos o expediente cando estea completado para estudalo, gustaríame saber cales son os criterios que hai para convidar a unhas empresas a participar e a outras non, e preocúpame moito a mensaxe que se poida lanzar aos contratistas de que a partir de agora para participar nas licitacións da Deputación hai que estar convidado, e cales van ser os criterios para que a uns se lles conviden e a outros non. Por tanto, tamén me gustaría saber se isto é algo temporal ou é algo que se pode converter en permanente, e que acabaría, nun momento en que os cidadáns están a pedir transparencia e boas prácticas, a enturbar o funcionamento da Deputación.

E gustaríame tamén saber por que esta Deputación se prega aos requirimentos da Xunta de Galicia. Por que se nos servizos comunitarios, nos servizos sociais comunitarios, a Deputación, xunto coa Xunta de Galicia, atendía aos concellos menores

de 20.000 habitantes, por que agora ten que atender exclusivamente a Deputación a eses concellos. Eu quero lembrarlle ás Sras. e Sres. deputados, que ademais da contía que estaba fixada para isto nos orzamentos deste ano, fixéronse modificacións de crédito, e nesta modificación de créditos faise tamén unha achega, que totalizan case 1.500.000 euros para que a Deputación pague o que deixa de pagar a Xunta nos concellos de menos de 20.000 habitantes por este concepto de servizos sociais comunitarios. A Deputación non atendía aos de 20.000, de 20.000 para arriba xa atendía a Xunta, e estes 1.500.000, que suplimos o que a Xunta deixa de achegar, son 1.500.000 que non nos dan a maiores, temos que detraelo dos nosos fondos e temos que detraelo de investimentos e de gastos da Deputación nos concellos.

O Plan de emprego preocúpanos, Sr. Presidente, porque compartiamos a idea inicial de que a Deputación transfería o diñeiro aos concellos para que os concellos contratasen ás persoas, como se fixeron sempre, porque este non é un plan novo, non é un plan de emprego que a Deputación crea, é un plan de contratación temporal de traballadores que suple ao Plan de cooperación que deixa de facer a Xunta, digamos as cousas con claridade, non estamos a facer algo novo, estamos a facer algo que antes facía a Xunta con recursos que nos dá a Xunta.

Queremos expresarlle a nosa preocupación, e faremos a avaliación unha vez que este plan se desenvolva, de que isto posiblemente non funcione, porque nin hai material, nin hai coches, nin hai nada, funcionaba mellor cando directamente contrataban os concellos, integrábamnos a estas persoas nas súas cuadrillas e compartían os traballos, compartían a maquinaria e compartían todo.

E logo queriamos saber se isto vai ser así no futuro ou é unha experiencia que se fai e avaliarase para saber cal é o resultado. Gustaríanos tamén, que se nos anunciou que esta semana se nos diría nas comisións o resultado das subvencións, as concesións de subvencións, hai unha certa alarma e preocupación nos concellos, porque estamos case en agosto e terán que xustificar os investimentos antes do 31 de outubro, hai unha certa alarma cando os concellos e os deputados que temos que fiscalizar o labor do goberno provincial imos ter coñecemento desas subvencións.

E finalizo cun rogo, Sr. Presidente. No último Pleno quedouse en traer a este Pleno unha moción que quedou sobre a mesa sobre o tema da minería, rógolle que traia esta moción, se é posible, ao Pleno do 14 de setembro, que substitúe ao Pleno de agosto. Nada máis e moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Muíños Sánchez

Ata agora reproducíase sobre se procedemento negociado, ou procedemento aberto para a contratación, realmente a preocupación que teñen tamén os veciños dos concellos é cando por un procedemento ou outro realmente imos ver realizados eses traballos, eses labores de acondicionamento de beirarrúas da Deputación, se temos un

horizonte temporal concreto para que poidamos dicirlle cando se van a comezar esas limpezaas. Grazas.

### Sr. Presidente

Algunha pregunta máis, rogo, pregunta, disertación, discurso ou alegoría dalgún tipo?. Imos ver, e esta é unha resposta para os dous portavoces que interviñeron, cando se pon en marcha este plan en ningún momento se dixo que fose un POS, en ningún momento ía ser un POS, en ningún momento se dixo que ía ser un POS, díxose que había un plan, que había posibilidades de levar a cabo un plan e, por tanto, poderíase articular. Pero fíxense vostedes, non é un POS porque o POS é un Plan de obras e servizos, única e exclusivamente, este pretendía ser un plan moito máis aberto, moito máis aberto porque as necesidades do Concello de Carballo non son as mesmas que as necesidades do Concello da Coruña ou que o Concello de Ribeira, e non quero, desde a Deputación, nin o grupo de goberno, e supoño que vostedes tampouco, dicirlle aos concellos onde teñen que gastar ou a que poden dedicar un diñeiro que podemos ter a posibilidade de pór a disposición, cremos na autonomía local, por iso fíxémolo amplo, por iso dixemos que había que facelo ou que podían destinalo a diversas cousas, e ninguén mellor que os propios concellos, que os propios alcaldes, que as propias corporacións, para decidir en que se ía investir ese diñeiro, e como se distribúe ese diñeiro, por criterios obxectivos. Claro que saen beneficiados con respecto a outros plans algúns concellos, e outros prexudicados, igual ca sempre, Sr. Moreda e Sr. Regueira, pero vostedes esquivan facer un dato importante, ou facer unha análise importante. Eu rogaríalle a calquera dos dous que analízase cantos euros leva a cidade da Coruña en función dos habitantes, sabe cantos?, menos de 7 euros por habitante, sabe cantos leva, por exemplo, o Concello de Bergondo?, 29 euros por habitante, e sabe vostede, por exemplo, cantos leva os Concellos das Pontes, que está aquí a súa concelleira?, 40 euros por habitante. Entón, que subxace despois da crítica?, que este era un plan para axudar a quen, a Bergondo?, ás Pontes?, As Pontes leva 500.000 euros neste plan e a cidade de Ferrol, unha das grandes beneficiadas leva 660.000. Eu a Monse. téñolle moito aprecio, ao seu alcalde tamén, e a todos os veciños das Pontes tamén, pero non comparen o tamaño ou as necesidades das Pontes co tamaño ou as necesidades dunha cidade, por exemplo, Ferrol, e hai escasos 100.000 euros de diferenza. Di vostede que é o quinto Carballo, 500.000, de todos os xeitos ten vostede a potestade de non aceptar ese diñeiro e volvémoslo distribuír entre os 94 restantes, se quere tamén o pode facer.

Por tanto, non fagamos análise interesadas, se facemos a análise, ao final, para quen gobernamos?, para os territorios ou para as persoas? Esta Corporación, ou polo menos este Grupo de goberno, ten decidido gobernar para as persoas, e este plan é un plan extraordinario, que é a única vez que o podemos facer, isto non ten ánimo de pervivir ao longo dos anos, este ano puidémolo facer porque adoptamos as medidas necesarias e porque o puidemos facer e, por tanto, ímolo distribuír entre os 94 concellos, cuns criterios que están aí, pero pensando tamén na xente que vive nos concellos, non pensamos unicamente nos *ferrados* de monte, é certo, pero pensamos

tamén na xente, e rógoille que faga esa análise de euros investidos ou de euros por cada habitante que hai en cada un dos concellos, poderá levar unha sorpresa, e os datos deses dous exemplos que lle dei son eses, porque os fixen antes de subir para aquí, porque xa me temía que algún ía caer nesa análise sinxela.

Dicía vostede, e repítolle, os criterios non son do POS porque este non é un POS II, é outro plan, é o DTC94, esperemos que se algún día se pode levar a cabo unha cousa parecida sexa menos de 94, haxa xa menos concellos, polo menos un menos, tamén o digo. Pero, en definitiva, é un plan excepcional, e por iso cámbianse os criterios, pero na lexislatura pasada, onde gobernaba o Partido Socialista e onde gobernaba o Bloque Nacionalista Galego, cando puideron facer un segundo plan, e foi o plan anticrise non utilizaron os criterios do POS, variáronos, e agora non utilizamos, -sí, Sr. Moreda-, e agora non utilizamos os criterios do POS, variámolos, porque non é o POS, o POS xa é un plan e xa ten os seus criterios, este é outro.

Despois, do expediente de modificación de créditos, con Mathausen estamos todos, pero ese non era o criterio, ninguén pon en dúbida iso, o criterio é que isto non era competencia, comprenderá vostede que iso é tanta competencia como o outro, de feito cando o alcalde de Ares veu presentar este proxecto, eu creo que era significativo e creo que era propio para ser apoiado por esta Deputación, e así o fixemos, e por iso vai neste expediente, pero coincidirá vostede que polo menos ten tanta dubidosa competencia como no caso das casas cuartel, polo menos para vostede, para min ten bastante máis, se lle son sincero, porque o que queren os veciños é ademais seguridade, e quéreno os seus alcaldes, e estano pedindo a berros, e nesta comarca, a da Coruña, na súa ascensión cara a Curtis, ou por aí, sabe vostede que hai moitos problemas nese sentido. Por tanto, non se escapa tanto das funcións que ten que ter un concello.

Dicían vostedes do Plan de emprego, o Plan de emprego claro que a intención desta Deputación era a contratación por parte dos concellos, con todo fomos advertidos polos servizos técnicos que iso podería converterse nunha cesión ilegal de traballadores da Deputación aos concellos, e que podería ter consecuencias, finalmente, con responsabilidades para a Deputación, e ese foi o motivo polo cal o tivemos que cambiar, non é outro. Teña vostede en conta que non nos fai ningunha graza ter que facer ese proceso, preferiamos que o fixesen os concellos, pero ante esa advertencia real e plausible tomamos a determinación de facelo aquí, senón podíamos caer nun caso de cesión ilegal de traballadores. Por tanto, eses cambios leves do plan anticrise e todo iso, quedan solucionados.

Respecto da contratación, que quere que lle diga?, na contratación, xa llo dixemos no outro Pleno, poden seguir preguntando as veces que queiran porque ademais sabe que aquí non van ter ningún tipo de atrancos, poden preguntar o que estimen oportuno, e vólvolle dicir que o que facemos é aplicar a lei, estamos a aplicar a lei, se vostede considera que non se aplica a lei, creo que debería acudir a outro tipo de institución, estamos a aplicar a lei, sempre, e eu fixenlle un rogo como presidente a un deputado neste caso no pasado Pleno, pregunte tamén aos seus compañeiros que ten á

beira e detrás como o aplican nos seus concellos, e vostede que foi concelleiro e que é concelleiro durante moitos anos aquí na Coruña, sabe moi ben como se aplica e non creo, ou si, non o sei, que a actuación do que foi o seu alcalde durante moitos anos lle trouxese algún tipo de dúbida, supoño que non. Por tanto, eu pódolle asegurar que daremos cumprida información de todo aquilo que se pida nesta Deputación, e farémolo tamén cos plans de conservación e nos seus contratos, e espero, e esta xa é a contestación á última pregunta do novo deputado, do alcalde de Rianxo, que esta semana entrante se poidan estar a asinar eses contratos e a partir desta semana mesmo poidan estar as empresas traballando en cada un deses sitios.

E con isto creo que dei por contestadas todas as preguntas. Non, isto non é un debate, isto son rogos e preguntas, vostede establece o que quere saber, eu contéstolle, e se non queda satisfeito no próximo Pleno teremos a oportunidade de volver contestar.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e dez minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.